**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 28 de decembro de 2022. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Isabel Faraldo Calvo e D.ª Susana Soneira Lema**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Desculpa a súa ausencia a señora concelleira D.ª Mónica Martínez Lema

***SESIÓN EXTRAORDINARIA Y URGENTE DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA VEINTIOCHO DE DICIEMBRE DE DOS MIL VEINTIDÓS***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 28 de diciembre de 2022. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,** y con la asistencia de los ediles **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Isabel Faraldo Calvo y D.ª Susana Soneira Lema** se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

*Disculpa su ausencia la señora concejala D.ª Mónica Martínez Lema.*

Ás dez horas e doce minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las diez horas y doce minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

**I – PARTE RESOLUTIVA**

***I – PARTE RESOLUTIVA***

**ASUNTO 1**

***ASUNTO 1***

**198. Pronunciamento sobre a urxencia da sesión.**

***198. Pronunciamiento sobre la urgencia de la sesión.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi bo día a todos e a todas. Damos comezo a esta sesión extraordinaria e urxente do Pleno co asunto número un.

*Muy buenos días a todos y a todas. Damos comienzo a esta sesión extraordinaria y urgente del Pleno con el asunto número uno.*

Antes de comezar o Pleno saudamos os membros da Corporación, señor secretario xeral, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña e aqueles que nos seguen a través da tribuna de convidados e do sinal do *streaming* municipal.

*Antes de comenzar el Pleno saludamos a los miembros de la Corporación, señor secretario general, señor interventor, personal municipal que nos acompaña y a aquellos que nos siguen a través de la tribuna de invitados y de la retransmisión en directo municipal.*

Señor secretario, asunto número un.

*Señor secretario, asunto número uno.*

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Bo día.

*Buenos días.*

Ten desculpado a súa asistencia por imposibilidade a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema.

*Ha disculpado su asistencia por imposibilidad la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema.*

Punto primeiro, pronunciamento sobre a urxencia da sesión.

*Punto primero, pronunciamiento sobre la urgencia de la sesión.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, pois neste punto, dada a..., tal e como consta e como se falou nas diferentes comisións, polos asuntos que se traen, a Corporación debe pronunciarse sobre a urxencia da sesión.

*Bien, pues en este punto, dada la..., tal y como consta y como se habló en las diferentes comisiones, por los asuntos que se traen, la Corporación debe pronunciarse sobre la urgencia de la*

Procedemos, por tanto á votación deste punto número un.

*sesión. Procedemos, por tanto a la votación de este punto número uno.*

**Votación do asunto número un**

***Votación del asunto número uno***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número un referenciado na orde do día, pronunciamento sobre a urxencia da sesión, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número uno referenciado en el orden del día, pronunciamiento sobre la urgencia de la sesión, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).*

Abstense o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 abstencións).

*Se abstiene el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 abstenciones).*

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

*Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).*

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

*Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).*

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 abstención).

*Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 abstención).*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Queda aprobado.

*Queda aprobado.*

Asuntos número dous e número tres. Señor secretario

*Asuntos número dos y número tres. Señor secretario*

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Asunto número dous, expediente 36E/22/19, aprobación definitiva do expediente de concesión de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do

*Asunto número dos, expediente 36E/22/19, aprobación definitiva del expediente de concesión de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito, modificación del Anexo de*

Anexo de investimentos, modificación do Anexo de subvencións nominativas e modificación das bases de execución do Orzamento do Concello da Coruña para o exercicio 2022, Modificativo 4/2022.

*inversiones, modificación del Anexo de subvenciones nominativas y modificación de las bases de ejecución del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el ejercicio 2022, Modificativo 4/2022.*

Asunto número tres, Expediente 36E/2022/21 de modificación do Anexo de subvencións nominativas do Orzamento do Concello da Coruña para o exercicio 2022, Modificativo 6/2022.

*Asunto número tres, Expediente 36E/2022/21 de modificación del Anexo de subvenciones nominativas del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el ejercicio 2022, Modificativo 6/2022.*

## ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

## *ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR*

### ASUNTO 2

### *ASUNTO 2*

**199. Expediente 36E/2022/19**
**Aprobación definitiva do expediente de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do Anexo de investimentos, modificación do Anexo de subvencións nominativas e modificación das bases de execución do Orzamento do Concello da Coruña para o exercicio 2022 (M4/2022).**

***199. Expediente 36E/2022/19***
***Aprobación definitiva del expediente de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito, modificación del Anexo de inversiones, modificación del Anexo de subvenciones nominativas y modificación de las bases de ejecución del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el ejercicio 2022 (M4/2022).***

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2022, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego e as concelleiras non adscritas D. ª Isabel Faraldo Calvo e D.ª Susana Soneira Lema, propoñendo ó Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General, en sesión celebrada el día 27 de diciembre de 2022, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica y Bloque Nacionalista Galego y las concejalas no adscritas D. ª Isabel Faraldo Calvo y D.ª Susana Soneira Lema, proponiendo al Pleno municipal a adopción de los acuerdos siguientes:*

1. Desestimar as alegacións presentadas fronte á aprobación inicial do Expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do Anexo de Investimentos, modificación

*1. Desestimar las alegaciones presentadas frente a la aprobación inicial do Expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito, modificación del Anexo de*

do Anexo de Subvencións nominativas e modificación das Bases de Execución do Orzamento 2022 por Mariano Rodríguez-Navas Belo, en representación do Club de Fútbol Eirís, S.D., con data de entrada no rexistro de 22/12/2022 (AGOE16066F) e Mónica Díaz Carrodeguas, en representación de AVV de Eirís "Uxío Carré", con data de entrada no rexistro de 23/12/2022 (RMPE16228B).

*Inversiones, modificación del Anexo de Subvenciones nominativas y modificación de las Bases de Ejecución del Presupuesto 2022 por Mariano Rodríguez-Navas Bello, en representación del Club de Fútbol Eirís, S.D., con fecha de entrada en el registro de 22/12/2022 (AGOE16066F) y Mónica Díaz Carrodeguas, en representación de AVV de Eirís "Uxío Carré", con fecha de entrada en el registro de 23/12/2022 (RMPE16228B).*

2. Aprobar definitivamente o expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do Anexo de Investimentos, modificación do Anexo de Subvencións nominativas e modificación das Bases de Execución do Orzamento 2022.

*2. Aprobar definitivamente el expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito, modificación del Anexo de Inversiones, modificación del Anexo de Subvenciones nominativas y modificación de las Bases de Ejecución del Presupuesto 2022.*

3. Publicar de acordo con o previsto no apartado 3 do artigo 169 do TRLRHL.

*3. Publicar de acuerdo con lo previsto en el apartado 3 del artículo 169 del TRLRHL.*

4. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

*4. Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.*

**ASUNTO 3**

***ASUNTO 3***

**200. Expediente 36E/2022/21**
**Modificación do Anexo de subvencións nominativas do Orzamento do Concello da Coruña para o exercicio 2022 (M6/2022).**

***200. Expediente 36E/2022/21***
***Modificación del Anexo de subvenciones nominativas del Presupuesto del Ayuntamiento de A Coruña para el ejercicio 2022 (M6/2022).***

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2022, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e da concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego e a

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General, en sesión celebrada el día 27 de diciembre de 2022, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y de la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica y Bloque Nacionalista Galego y la concejala*

concelleira non adscrita D. ª Isabel Faraldo Calvo, propoñendo ó Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2022, incorporando os cambios que se detallan a continuación, condicionado a que se aprobe definitivamente o expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do anexo de investimentos, modificación do anexo de subvencións nominativas e modificación das bases de execución do orzamento 2022: Subvención nominativa aprobada no M4/2022, según se detalla no anexo I adxunto.

2. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

*no adscrita D. ª Isabel Faraldo Calvo, proponiendo al Pleno municipal a adopción de los acuerdos siguientes:*

*1. Aprobar el expediente de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2022, incorporando los cambios que se detallan a continuación, condicionado la que se apruebe definitivamente el expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito, modificación del anexo de inversiones, modificación del anexo de subvenciones nominativas y modificación de las bases de ejecución del presupuesto 2022: Subvención nominativa aprobada en el M4/2022, según se detalla en el anexo I adjunto.*

*2. Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad al acordado.*

ANEXO

| Expediente M6/2022 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento 2022 |
|---|

Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de Execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aqueloutras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Na Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022 "Vinculacións xurídicas" regúlanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente dispoñendo, que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirá dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

De acordo coa Base 11ª das de Execución do Orzamento municipal, onde se regulan as Subvencións, calquera modificación do Anexo de Subvencións nominativas debe ser aprobada polo Pleno da Corporación. Na devandita base establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento. No suposto que nos ocupa, tramítase unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas, mediante a que a Área de Deportes propón modificar o perceptor e a finalidade específica dun convenio nominativo aprobado inicialmente no M4/2022.

Subvención nominativa aprobada inicialmente no M4/2022

| APLICACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN APLICACIÓN | DESCRICIÓN TRANSFERENCIA | PERCEPTOR | NIF | FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52.341 .48950 | 25.000,00 | TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS | Convenio Federación Galega de Kárate e D.A. | FEDERACIÓN GALEGA DE KÁRATE E D.A. | G36640019 | Novo convenio para organización da Youth League de Kárate 2022 |

<u>Proposta modificación do M6/2022</u>

| APLICACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN APLICACIÓN | DESCRICIÓN TRANSFERENCIA | PERCEPTOR | NIF | FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52.341 .48950 | 25.000,00 | TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS | Convenio Federación Española de Kárate | FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE KARATE | G28557056 | Novo convenio para financiar a liga Nacional de Kárate 16,17 e 18 decembro 2022 |

Neste expediente M6/2022 proponse unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas de 2022, unha modificación no perceptor e a finalidade, dunha subvención nominativa aprobada no expediente M4/2022. Esta modificación é de competencia plenaria pero non implica modificación do crédito consignado, nin modificación da aplicación orzamentaria. Trátase de corrixir un erro nun convenio nominativo aprobado co expediente modificativo M4/2022.

Propúxose por erro, no M4/2022, un novo convenio coa Federación Galega de Kárate e D.A., para unha a organización da Youth League de Kárate 2022, cando se debería propoñer o convenio coa Federación Española de Kárate, para a organización da liga Nacional de Kárate os días 16,17 e 18 de decembro de 2022. O importe e a aplicación é a mesma. Por iso, de acordo coa Base 6ª das de Execución do Orzamento, require unha única aprobación polo Pleno da Corporación.

O expediente M4/2022 foi aprobado polo Pleno da Corporación o 29/11/2022 e sometido a exposición pública por 15 días, mediante anuncio publicado no BOP nº 227, do 30 de novembro. Durante o citado prazo presentáronse dúas reclamacións contra el, segundo resulta da certificación expedida polo Secretario Xeral do Pleno con data do 26/12/2022. En consecuencia, a modificación desta subvención nominativa proposta neste expediente

M6/2022 está supeditada á aprobación definitiva do expediente M4/2022 polo Pleno da Corporación. Unha vez aprobado definitivamente o expediente M4/2022 terá plena eficacia esta modificación proposta no M6/2022.

II. O expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2022 vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do Expediente.

Elevarase proposta para a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente non necesita exposición pública (Base 6ª das de Execución do Orzamento de 2022).

III. Conforme a normativa citada, e se se considera oportuno, sería procedente formular ao Pleno da Corporación, a seguinte:

**Proposta de acordo:**

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2022, incorporando os cambios que se detallan a continuación, condicionado a que se aprobe definitivamente o expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do anexo de investimentos, modificación do anexo de subvencións nominativas e modificación das bases de execución do orzamento 2022:

Subvención nominativa aprobada no M4/2022:

| APLICACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN APLICACIÓN | DESCRICIÓN TRANSFERENCIA | PERCEPTOR | NIF | FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52.341 .48950 | 25.000,00 | TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS | Convenio Federación Galega de Kárate e D.A. | FEDERACIÓN GALEGA DE KÁRATE E D.A. | G36640019 | Novo convenio para organización da Youth League de Kárate 2022 |

Proposta modificación do M6/2022:

| APLICACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN APLICACIÓN | DESCRICIÓN TRANSFERENCIA | PERCEPTOR | NIF | FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52.341 .48950 | 25.000,00 | TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS | Convenio Federación Española de Kárate | FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE KARATE | G28557056 | Novo convenio para financiar a liga Nacional de Kárate 16,17 e 18 decembro 2022 |

2. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

**Presidencia**

Ben, vaise proceder ó debate conxunto dos asuntos dous e tres, cun tratamento en un único turno de tres minutos por cada concelleira non adscrita ou grupo municipal, e comeza este debate o voceiro do Goberno, señor Lage Tuñas.

***Presidencia***

*Bien, se va a proceder al debate conjunto de los asuntos dos y tres, con un tratamiento en uno único turno de tres minutos por cada concejala no adscrita o grupo municipal, y comienza este debate el portavoz del Gobierno, señor Lage Tuñas.*

**Señor Lage Tuñas**

Bo día a todos e a todas e felices festas.

O 29 de novembro deste ano este mesmo pleno aprobou por unanimidade o Modificativo de crédito M4, unha modificación orzamentaria que supoñía avanzar en investimentos que suman preto de 5,5 millóns de euros e que tiñan como fin, entre outras cousas, incluír o financiamento preciso para os accesos á Cidade das TIC, as axudas para o reequilibrio financieiro do Clube do Mar, axudas para o sector do taxi na nosa cidade, por 155.000 €, e máis de 700.000 € para a promoción de actividades culturais e investimentos para a mellora do ENIL da Torre, entre outros moitos asuntos que se incluían neste modificativo. Tamén incluía, por certo, o modificativo, unha partida de máis de 600.000 €, 644.733 € destinados á finalización das obras do campo de fútbol de Eirís, campo que, como saben, foi preciso licitar de novo despois de que a empresa adxudicataria rematara en concurso de acredores. Este modificativo foi alegado, conta con dúas alegacións. As mesmas alegacións van na mesma dirección, viñan a solicitar un cambio no proxecto do campo de fútbol de Eirís.

Non está en contra este goberno municipal das pretensións das entidades que solicitan a cubrición da grada, mais

***Señor Lage Tuñas***

*Buenos días a todos y a todas y felices fiestas.*

*El 29 de noviembre de este año este mismo pleno aprobó por unanimidad el Modificativo de crédito M4, una modificación presupuestaria que suponía avanzar en inversiones que suman cerca de 5,5 millones de euros y que tenían como fin, entre otras cosas, incluir la financiación precisa para los accesos a la Ciudad de las TIC, las ayudas para el reequilibrio financiero del Club del Mar, ayudas para el sector del taxi en nuestra ciudad, por 155.000 €, y más de 700.000€ para la promoción de actividades culturales e inversiones para la mejora del ENIL de la Torre, entre otros muchos asuntos que se incluían en este modificativo. También incluía, por cierto, el modificativo, una partida de más de 600.000 €, 644.733 € destinados a la finalización de las obras del campo de fútbol de Eirís, campo que, como saben, fue preciso licitar de nuevo después de que la empresa adjudicataria acabara en concurso de acreedores. Este modificativo fue alegado, cuenta con dos alegaciones. Las mismas alegaciones van en la misma dirección, venían a solicitar un cambio en el proyecto del campo de fútbol de Eirís.*

*No está en contra este gobierno municipal de las pretensiones de las entidades que solicitan la cubrición de la grada, pero no*

non é no trámite final de alegacións dun modificativo cando se poden introducir este tipo de melloras. Polo tanto, non estamos pechados a que poida haber proxectos futuros complementarios que melloren este equipamento. A demandada obra do campo de fútbol de Eirís quero recordar que xa foi licitada o pasado mes de setembro por dous millóns de euros e tras pasar por todos os procedementos administrativos está hoxe xa en fase de adxudicación e a piques do seu comezo, polo que non é posible introducir nestes momentos ningunha modificación no proxecto, pois calquera cambio obrigaría a parar o procedemento de novo, traería consigo demoras novamente e mesmo gastos que non tería sentido asumir.

Ese é o motivo polo que rexeitamos as alegacións presentadas, pero recollemos a luva e apuntamos o desexo das entidades de contar cunha grada cuberta, unha petición que formularemos e promoveremos en forma de novo proxecto complementario se se mantén a dita demanda despois de rematados os traballos demandados polo barrio dende fai anos e que, dende o noso punto de vista, non admiten máis demora. Neste caso o Goberno municipal manifesta toda a sensibilidade diante desta petición, pero tamén cremos que a piques de adxudicarse e tendo en conta que se leva agardando moito tempo por este equipamento, entendemos que o lóxico e razonable é continuar co proxecto, executalo e valorar nuns novos orzamentos esta nova actuación, que desde logo, xa digo, somo sensibles a ela.

Por outra banda, o M6 que traemos aquí a debate, é dicir, o Modificativo que tamén se inclúe na orde do día de hoxe, non é máis que unha rectificación dun erro que non afecta a contías, senón á

*es en el trámite final de alegaciones de un modificativo cuando se pueden introducir este tipo de mejoras. Por lo tanto, no estamos cerrados a que pueda haber proyectos futuros complementarios que mejoren este equipamiento. La demandada obra del campo de fútbol de Eirís quiero recordar que ya fue licitada el pasado mes de septiembre por dos millones de euros y tras pasar por todos los procedimientos administrativos está hoy ya en fase de adjudicación y a punto de su comienzo, por lo que no es posible introducir en estos momentos ninguna modificación en el proyecto, pues cualquier cambio obligaría a parar el procedimiento de nuevo, traería consigo demoras nuevamente e incluso gastos que no tendría sentido asumir.*

*Ese es el motivo por el que rechazamos las alegaciones presentadas, pero recogemos el guante y apuntamos el deseo de las entidades de contar con una grada cubierta, una petición que formularemos y promoveremos en forma de nuevo proyecto complementario si se mantiene dicha demanda después de finalizados los trabajos demandados por el barrio desde hace años y que, desde nuestro punto de vista, no admiten más demora. En este caso el Gobierno municipal manifiesta toda la sensibilidad ante esta petición, pero también creemos que a punto de adjudicarse y teniendo en cuenta que se lleva esperando mucho tiempo por este equipamiento, entendemos que lo lógico y razonable es continuar con el proyecto, ejecutarlo y valorar en unos nuevos presupuestos esta nueva actuación, que desde luego, ya digo, somo sensibles a ella.*

*Por otra parte, el M6 que traemos aquí a debate, es decir, el Modificativo que también se incluye en el orden del día de hoy, no es más que una rectificación de un error que no afecta a cuantías, sino a la*

finalidade e o nome da entidade recollido nun modificativo anterior. É dicir, é unha corrección dun erro material, pero que debe de pasar polo Pleno. No M/4 figuraba: Federación Galega... Federación Española, perdón, de Kárate, e polo tanto, a beneficiaria do convenio debe de quedar ben recollida. Non é a Federación Galega de Kárate, senón a Federación Española de Kárate. O cambio non afecta á contía do convenio. De contar co visto bo deste pleno quedaría definitivamente aprobado, non hai cambios substanciais e, polo tanto, do que estamos a falar neste caso é do financiamento dunha actividade deportiva.

*finalidad y el nombre de la entidad recogido en un modificativo anterior. Es decir, es una corrección de un error material, pero que debe de pasar por el Pleno. En el M/4 figuraba: Federación Gallega... Federación Española, perdón, de Kárate, y por lo tanto, la beneficiaria del convenio debe de quedar bien recogida. No es la Federación Gallega de Kárate, sino la Federación Española de Kárate. El cambio no afecta a la cuantía del convenio. De contar con el visto bueno de este pleno quedaría definitivamente aprobado, no hay cambios sustanciales y, por lo tanto, de lo que estamos hablando en este caso es de la financiación de una actividad deportiva.*

Son trámites precisos que deben de pasar polo Pleno da Corporación e, polo tanto, non vou a volver a reabrir debates que xa se produxeron. Creo que estamos diante de algo que suscitou o acordo unánime e, polo tanto, creo que o mellor que podemos facer é dar cumplido o trámite e proseguir co Pleno.

*Son trámites precisos que deben de pasar por el Pleno de la Corporación y, por lo tanto, no voy a volver a reabrir debates que ya se produjeron. Creo que estamos ante algo que suscitó el acuerdo unánime y, por lo tanto, creo que el mejor que podemos hacer es dar cumplido el trámite y proseguir con el Pleno.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Lage.

*Muchas gracias, señor Lage.*

Ten a palabra a señora Soneira en primeiro lugar.

*Tiene la palabra la señora Soneira en primer lugar.*

**Señora Soneira Lema**

***Señora Soneira Lema***

Bos días, presidenta, bos días concelleiros e concelleiras, bos días veciños que están na tribuna e persoas que nos escoitan a través do *streaming*. Tamén felicitarvos a todos e a todas as festas.

*Buenos días, presidenta, buenos días concejales y concejalas, buenos días vecinos que están en la tribuna y personas que nos escuchan a través a través de la retransmisión en directo. También felicitaros a todos y a todas las fiestas.*

Con respecto ó asunto dous, aínda que legalmente as dúas reclamacións se poidan desestimar, considero que os

*Con respeto al asunto dos, aunque legalmente las dos reclamaciones se puedan desestimar, considero que los*

reclamantes, veciños e veciñas do Concello, están pedindo algo razoable, como é a cuberta do campo de fútbol. Por tanto... e ademais o piden en interés dos veciños e veciñas de Eirís, porque desta maneira complementan as instalacións do campo de fútbol que o propio Concello está a construír. O que piden é nin máis nin menos que unha grada cuberta, que me parece necesaria, dado que estamos nunha comunidad autónoma na que a choiva convive con nós gran parte do ano. Se é certo que no orzamento actual non se poden incluír, non estaría de máis que nos orzamentos do próximo ano ou cando se estime pertinente se inclúa esta partida a este efecto.

*reclamantes, vecinos y vecinas del Ayuntamiento, están pidiendo algo razonable, como es la cubierta del campo de fútbol. Por tanto... y además lo piden en interés de los vecinos y vecinas de Eirís, porque de esta manera complementan las instalaciones del campo de fútbol que el propio Ayuntamiento está construyendo. Lo que piden es nada más y nada menos que una grada cubierta, que me parece necesaria, dado que estamos en una comunidad autónoma en la que la lluvia convive con nosotros gran parte del año. Si es cierto que en el presupuesto actual no se pueden incluir, no estaría de más que en los presupuestos del próximo año o cuando se estime pertinente se incluya esta partida a este efecto.*

Con respecto ó asunto tres, dado que é un erro, o único que hai que facer é subsanalo. Por tanto nesto non teño máis que dicir con respecto a estos dous puntos.

*Con respecto al asunto tres, dado que es un error, lo único que hay que hacer es subsanarlo. Por tanto en esto no tengo más que decir con respecto a estos dos puntos.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

Turno para a señora Faraldo.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

*Turno para la señora Faraldo.*

**Señora Faraldo Calvo**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día, alcaldesa, Corporación, persoal traballador do Concello, prensa e veciñanza, tanto presencial como a que nos segue por *streaming*. Aproveito para, ademais do saúdo de rigor, felicitar o ano que xa está a punto de comezar e desexando a todas unha boa despedida deste 2022.

É unha brincadeira facilona sendo hoxe 28 de decembro, facer calquer tipo de alusión ós Santos Inocentes, pero como nin rozamos a santidade, nin a inocencia,

***Señora Faraldo Calvo***

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días, alcaldesa, Corporación, personal trabajador del Ayuntamiento, prensa y vecindario, tanto presencial como la que nos sigue en línea. Aprovecho para, además del saludo de rigor, felicitar el año que ya está a punto de comenzar y deseando a todas una buena despedida de este 2022.*

*Es una broma facilona siendo hoy 28 de diciembre, hacer cualquier tipo de alusión a los Santos Inocentes, pero como ni rozamos la santidad, ni la inocencia, voy*

vou evitar caer nesa tentación. E digo todo esto porque estamos de novo ante un pleno máis que urxente, acelerado, onde as prisas, a escasece de formalidade, é o primeiro que teño que subliñar, convocado con 20 horas de antelación e despois dunhas comisións informativas, tanto de Facenda como de Urbanismo, onde tarde, mal e arrastro volveuse a escatimar o tempo necesario para que a oposición poda facer en tempo e forma a súa labor.

*a evitar caer en esa tentación. Y digo todo esto porque estamos de nuevo ante un pleno más que urgente, acelerado, donde las prisas, la escasez de formalidad, es lo primero que tengo que subrayar, convocado con 20 horas de antelación y después de unas comisiones informativas, tanto de Hacienda como de Urbanismo, donde tarde, mal y arrastro se volvió a escatimar el tiempo necesario para que la oposición pueda hacer en tiempo y forma su labor.*

Mentras no Pleno ordinario de decembro nos atopábamos na Parte Resolutiva con dous asuntos menores, a toma de coñecemento do Informe de Suxestións e Reclamacións e a concesión dun beneficio fiscal de obrigado cumprimento, nos atopamos neste pleno con temas de calado como o campo de fútbol de Eirís, o cárcere, o convenio do CHUAC e onde a posibilidade de exercer con rigor as responsabilidades adquiridas queda minimizado pola falta de consideración dun goberno que si ben se jacta de dialogante, é máis ben, ó meu entender, monologante, como os feitos non deixan de amosar.

*Mientras en el Pleno ordinario de diciembre nos encontrábamos en la Parte Resolutiva con dos asuntos menores, la toma de conocimiento del Informe de Sugerencias y Reclamaciones y la concesión de un beneficio fiscal de obligado cumplimiento, nos encontramos en este pleno con temas de calado como el campo de fútbol de Eirís, la cárcel, el convenio del CHUAC y donde la posibilidad de ejercer con rigor las responsabilidades adquiridas queda minimizado por la falta de consideración de un gobierno que si bien se jacta de dialogante, es más bien, a mi entender, monologante, como los hechos no dejan de mostrar.*

No que respecta ó expediente M6/2022, nada que dicir, tratándose, como se trata, dunha corrección meramente técnica, pero en canto ó M4/2022, no que se refire ó campo de fútbol de Eirís, entendemos precisa unha revisión da situación que se dá. Existen dúas reclamacións que poñen de relieve unha necesidade básica á hora de acometer a obra que se aprobou, e é que ademais dos vestiarios e o cerre perimetral cun graderío que xa existía, se instale unha cuberta para evitar as inclemencias climatolóxicas e facilitar o uso do campo ás persoas que acudan como espectadoras, como acompañantes. Parece non só acaído, senón dunha

*En lo que respecta al expediente M6/2022, nada que decir, tratándose, como se trata, de una corrección meramente técnica, pero en cuanto al M4/2022, en lo que se refiere al campo de fútbol de Eirís, entendemos necesita una revisión de la situación que se da. Existen dos reclamaciones que ponen de relieve una necesidad básica a la hora de acometer la obra que se aprobó, y es que además de los vestuarios y el cierre perimetral con un graderío que ya existía, se instale una cubierta para evitar las inclemencias climatológicas y facilitar el uso del campo a las personas que acudan como espectadoras, como acompañantes. Parece no solo apropiado, sino de una*

lóxica aplastante a petición, que se ben foron rexeitadas por non estar dentro das razóns taxadas, tamén o propio informe proposta resalta que: sendo en todo caso cuestións de oportunidade obxecto de debate político. Pois ben, licitada esa obra de vestiarios, céspede artificial e peche perimetral, non deixemos de debatir unha necesidade que claramente poñen en relieve tanto a Asociación veciñal como o presidente do Clube de Fútbol de Eirís, que non é outra que o que se fixo nos campos de Salvador de Madariaga, nos da Torre, o que se está facendo nos de Visma, o que fan concellos da contorna como Arteixo e Culleredo: instalar cubertas na gradería, así de simple.

*lógica aplastante la petición, que se bien fueron rechazadas por no estar dentro de las razones tasadas, también el propio informe propuesta resalta que: siendo en todo caso cuestiones de oportunidad objeto de debate político. Pues bien, licitada esa obra de vestuarios, césped artificial y cierre perimetral, no dejemos de debatir una necesidad que claramente ponen en relieve tanto la Asociación vecinal como el presidente del Club de Fútbol de Eirís, que no es otra que lo que se hizo en los campos de Salvador de Madariaga, en los de la Torre, lo que se está haciendo en los de Visma, lo que hacen ayuntamientos del entorno como Arteixo y Culleredo: instalar cubiertas en la gradería, así de simple.*

Polo tanto, para nós hoxe hai dous camiños: que o Goberno local se comprometa neste pleno a acometer a instalación da cuberta do campo de fútbol de Eirís, o que contaría co noso voto a favor, ou que o Goberno se conforme coa aprobación sen máis deste asunto sen asumir o compromiso que lle solicitamos. Nese caso eu absteríame.

*Por lo tanto, para nosotros hoy hay dos caminos: que el Gobierno local se comprometa en este pleno a acometer la instalación de la cubierta del campo de fútbol de Eirís, lo que contaría con nuestro voto a favor, o que el Gobierno se conforme con la aprobación sin más de este asunto sin asumir el compromiso que le solicitamos. En ese caso yo me abstendría.*

Espero, por tanto, o turno do portavoz do Goberno local e segundo asuma ou non tal compromiso, determine o meu voto.

*Espero, por tanto, el turno del portavoz del Gobierno local y según asuma o no tal compromiso, determine mi voto.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Permítame, en contra do que é habitual,

*Permítame, en contra de lo que es*

que pospoña os saúdos para o seguinte punto porque só dispoño de tres minutos e aparte de fixar posicións sobre as cuestións que agora se debaten, gostaríame explicar por que non votamos a favor da urxencia da sesión.

*habitual, que posponga los saludos para el siguiente punto porque solo dispongo de tres minutos y aparte de fijar posiciones sobre las cuestiones que ahora se debaten, me gustaría explicar por qué no votamos a favor de la urgencia de la sesión.*

Recibimos a convocatoria deste pleno extraordinario e urxente onte ás 14:34. Previamente, como é preceptivo, celebráronse reunións das comisións para ditaminar os asuntos incluídos na orde do día. A reunión da Comisión de Facenda tivo lugar onte, martes, ás 9:15 da mañá despois de que os seus membros fósemos convocados o día anterior ás 17:07 e a remisión da documentación non se completase até as 20:37 do luns, e para facer realidade o vello dito circense do máis difícil todavía, a Comisión de Urbanismo celebrouse onte ás 12:30 tras ser convocada ese mesmo día ás 10:49 e completarse o envío da documentación ás 11:31. Pero ademais, por se fose pouco, cando se celebrou a reunión aínda non dispuñamos dos informes do interventor e da Asesoría Xurídica.

*Recibimos la convocatoria de este pleno extraordinario y urgente ayer a las 14:34. Previamente, como es preceptivo, se celebraron reuniones de las comisiones para dictaminar los asuntos incluidos en el orden del día. La reunión de la Comisión de Hacienda tuvo lugar ayer, martes, a las 9:15 de la mañana después de que sus miembros fuéramos convocados el día anterior a las 17:07 y la remisión de la documentación no se completara hasta las 20:37 del lunes, y para hacer realidad el viejo dicho circense del más difícil todavía, la Comisión de Urbanismo se celebró ayer a las 12:30 tras ser convocada ese mismo día a las 10:49 y completarse el envío de la documentación a las 11:31. Pero además, por si fuera poco, cuando se celebró la reunión aun no disponíamos de los informes del interventor y de la Asesoría Jurídica.*

Non negamos a urxencia dos asuntos a tratar, pero criticamos este xeito de proceder para o que só se me ocorren dúas explicacións: unha, que é un exemplo máis dun xeito de gobernar improvisado e atropelado; e a outra, efectivamente, que hoxe é 28 de decembro, Día dos Santos Inocentes.

*No negamos la urgencia de los asuntos a tratar, pero criticamos esta manera de proceder para el que solo se me ocurren dos explicaciones: una, que es un ejemplo más de una manera de gobernar improvisada y atropellada; y a otra, efectivamente, que hoy es 28 de diciembre, Día de los Santos Inocentes.*

Centrándome no que agora se debate, coincidimos coas alegacións presentadas ó expediente M4 tanto polo Clube Eirís Sociedade Deportiva, como pola Asociación de Veciños. Demandan algo tan elemental como que exista unha dotación para que o futuro campo de fútbol de Eirís dispoña dunha grada

*Centrándome en lo que ahora se debate, coincidimos con las alegaciones presentadas al expediente M4 tanto por el Club Eirís Sociedad Deportiva, como por la Asociación de Vecinos. Demandan algo tan elemental como que exista una dotación para que el futuro campo de fútbol de Eirís disponga de una grada*

cuberta, atendendo as necesidades climáticas e a propia localización do campo nunha zona alta e ventosa. As razóns que se deron en Comisión para desestimalas foron que as alegacións non se axustan ós supostos de reclamación establecidos na Lei das facendas locais, que teñen un carácter taxado.

*cubierta, atendiendo a las necesidades climáticas y a la propia localización del campo en una zona alta y ventosa. Las razones que se dieron en Comisión para desestimarlas fueron que las alegaciones no se ajustan a los supuestos de reclamación establecidos en la Ley de las haciendas locales, que tienen un carácter tasado.*

Ademais aduciuse, como se vén de reiterar, que o proxecto de reforma do campo xa está licitado, mais desde o noso punto de vista isto non empece que haxa unha nova actuación que complemente a reforma xa adxudicada. Por iso, tamén pedimos que se teña en conta esta necesidade no próximo modificativo dos orzamentos.

*Además se adujo, como se acaba de reiterar, que el proyecto de reforma del campo ya está licitado, pero desde nuestro punto de vista esto no empece que haya una nueva actuación que complemente la reforma ya adjudicada. Por eso, también pedimos que se tenga en cuenta esta necesidad en el próximo modificativo de los presupuestos.*

Quero lembrar que o campo de Eirís vai substituír o desaparecido Agrela II, unha operación aprobada hai máis de cinco anos e despois de que a veciñanza de Eirís e os equipos de fútbol da nosa cidade tivesen que esperar tanto tempo para que o novo campo poida chegar a ser unha realidade, que menos que asegurar que reúna os mínimos exixíbeis.

*Quiero recordar que el campo de Eirís va a sustituir al desaparecido Agrela II, una operación aprobada hay más de cinco años y después de que el vecindario de Eirís y los equipos de fútbol de nuestra ciudad tuvieran que esperar tanto tiempo para que el nuevo campo pueda llegar a ser una realidad, qué menos que asegurar que reúna los mínimos exigibles.*

Polo demais, o BNG non vai obstaculizar que o expediente M4 sexa aprobado definitivamente, nin tampouco o imos facer coa modificación que se propón no Anexo de subvencións nominativas, pois se trata de corrixir un erro. Como dixemos no debate de aprobación inicial, discrepamos da tardanza coa que se abordou este modificativo e das súas insuficiencias e discrepamos tamén dun xeito que consiste en ir trampeando coa aprobación de modificativos en vez de abordar en tempo e forma a elaboración duns novos orzamentos, pero con todo, este modificativo é necesario e o BNG sempre pon os intereses da cidade por

*Por lo demás, el BNG no va a obstaculizar que el expediente M4 sea aprobado definitivamente, ni tampoco lo vamos a hacer con la modificación que se propone en el Anexo de subvenciones nominativas, pues se trata de corregir un error. Como dijimos en el debate de aprobación inicial, discrepamos de la tardanza con la que se abordó este modificativo y de sus insuficiencias y discrepamos también de una manera que consiste en ir trampeando con la aprobación de modificativos en vez de abordar en tiempo y forma la elaboración de unos nuevos presupuestos, pero con todo, este modificativo es necesario y el BNG siempre pone los intereses de la ciudad por delante.*

diante.

Por esa razón votaremos a favor, moitas grazas.

*Por esa razón votaremos a favor, muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera.

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

Turno para a Marea Atlántica, señora García.

*Turno para la Marea Atlántica, señora García.*

**Señora García Gómez**

***Señora García Gómez***

Si, moi bos días a todas as persoas que van seguindo esta sesión plenaria, e de maneira especial á veciñanza de Eirís afectada pola ampliación do CHUAC que nos acompaña dende a tribuna.

*Sí, muy buenos días a todas las personas que van siguiendo esta sesión plenaria, y de manera especial al vecindario de Eirís afectado por la ampliación del CHUAC que nos acompaña desde la tribuna.*

A Marea Atlántica comparte a valoración que se está facendo sobre a tramitación destes asuntos, unha tramitación caótica, acelerada e que nos deixa, pois ós Grupos que non estamos no Goberno, pois pouca capacidade de reacción e non só ós Grupos municipais, senón tamén ós habilitados incluso, que se queixan de falta de tempo para valorar, emitir informes sobre os asuntos que se traen hoxe. Teremos a oportunidade de falar disto máis adiante no Pleno, así que me centro nos asuntos que nos ocupan, os modificativos M4 e M6 que veñen a Pleno para aprobación definitiva e a Marea Atlántica vai votar a favor.

*La Marea Atlántica comparte la valoración que se está haciendo sobre la tramitación de estos asuntos, una tramitación caótica, acelerada y que nos deja, pues a los Grupos que no estamos en el Gobierno, pues poca capacidad de reacción y no solo a los Grupos municipales, sino también a los habilitados incluso, que se quejan de falta de tiempo para valorar, emitir informes sobre los asuntos que se traen hoy. Tendremos la oportunidad de hablar de esto más adelante en el Pleno, así que me centro en los asuntos que nos ocupan, los modificativos M4 y M6 que vienen a Pleno para aprobación definitiva y la Marea Atlántica va a votar a favor.*

É a aprobación definitiva dun modificativo que xa se trouxo a pleno, un modificativo de máis de 5 millóns de euros que incorporou investimentos importantes para a cidade, dende os investimentos precisos para as obras de reurbanización interna da Cidade das TIC, obras en colexios e centros de ensino, as subvencións, efectivamente, ó taxi e algún convenio a maiores, como se

*Es la aprobación definitiva de un modificativo que ya se trajo a pleno, un modificativo de más de 5 millones de euros que incorporó inversiones importantes para la ciudad, desde las inversiones precisas para las obras de reurbanización interna de la Ciudad de las TIC, obras en colegios y centros de enseñanza, las subvenciones, efectivamente, al taxi y algún convenio a*

tratou do Clube do Mar e obras de rehabilitación nas Casas de Franco en Catanga, que levan esperando demasiado tempo para poder executarse.

*mayores, como se trató del Club del Mar y obras de rehabilitación en las Casas de Franco en Catanga, que llevan esperando demasiado tiempo para poder ejecutarse.*

Ese modificativo viña tamén acompañado doutros acordos políticos dos que se puido beneficiar a cidade froito dos pactos entre o PSOE e a Marea Atlántica, nomeadamente o programa de mobilización de baixos comerciais e a gratuidade das escolas infantís, que se fixo extensiva ás 8 horas.

*Ese modificativo venía también acompañado de otros acuerdos políticos de los que se pudo beneficiar la ciudad fruto de los pactos entre el PSOE y la Marea Atlántica, especialmente el programa de movilización de bajos comerciales y la gratuidad de las escuelas infantiles, que se hizo extensiva a las 8 horas.*

Agora a aprobación definitiva, pois son dúas cuestións de trámite. Efectivamente, a corrección dunha finalidade dun convenio e as alegacións que nos chegan dende a Asociación de Veciños de Eirís e o clube de fútbol, unhas alegacións que nós saudamos porque chaman a atención sobre unha necesidade evidente, sobre un proxecto necesario para o barrio e que complementa o campo de fútbol polo que levan tanto tempo agardando. É certo que non corresponde a esas causas taxadas de modificación dun modificativo e por eso emprazamos a que se teñan en conta na vindeira negociación orzamentaria, negociación orzamentaria no caso de que haxa negociación orzamentaria, porque como estamos comentando, estamos a final de ano, 28 de decembro, e ningún coñece o proxecto orzamentario do Goberno local.

*Ahora la aprobación definitiva, pues son dos cuestiones de trámite. Efectivamente, la corrección de una finalidad de un convenio y las alegaciones que nos llegan desde la Asociación de Vecinos de Eirís y el club de fútbol, unas alegaciones que nosotros saludamos porque llaman la atención sobre una necesidad evidente, sobre un proyecto necesario para el barrio y que complementa el campo de fútbol por el que llevan tanto tiempo esperando. Es cierto que no corresponde a esas causas tasadas de modificación de un modificativo y por eso emplazamos a que se tengan en cuenta en la próxima negociación presupuestaria, negociación presupuestaria en caso de que haya negociación presupuestaria, porque como estamos comentando, estamos a final de año, 28 de diciembre, y nadie conoce el proyecto presupuestario del Gobierno local.*

Estamos sen proxecto de orzamentos, estamos cun grao de execución demasiado baixo, que non chega ó 17 % no caso dos investimentos do Capítulo 6, estamos cun baixo grao de execución dos acordos que facilitaron a aprobación do orzamento, e sempre destacamos aqueles que teñen que ver coa esfera vital máis esencial das persoas que habitan na

*Estamos sin proyecto de presupuestos, estamos con un grado de ejecución demasiado bajo, que no llega al 17 % en el caso de las inversiones del Capítulo 6, estamos con un bajo grado de ejecución de los acuerdos que facilitaron la aprobación del presupuesto, y siempre destacamos aquellos que tienen que ver con la esfera vital más esencial de las*

Coruña, o que ten que ver coa vivenda, o que ten que ver coa factura da luz, o que ten que ver cos equipamentos nos barrios. Aí a execución é practicamente inexistente. As entidades da cidade están sen visos de convenios e para rematala, pois se produce unha crise de goberno que non por anunciada deixa de ser máis seria e de traer aínda máis caos, pois á xestión do Goberno local.

A Marea Atlántica ante esta situación de parálise exerce o rol que ten que exercer, que é de motor, e acabamos de presentar dez propostas que teñen como obxectivo que o Goberno abra a negociación orzamentaria. Son dez propostas que no esencial se remiten a acordos sen cumprir. As nosas propostas orzamentarias se trasladarán no momento oportuno, pero son dez propostas que volven a facer mención á problemática da vivenda, á problemática da enerxía, bueno, pois pedindo que se regulen por fin os pisos turísticos, que se publique o mapa das renovables, que se aborde xa a negociación do Capítulo 4, que se incorporen a actualización necesaria para a renda social municipal e as axudas de emerxencia para adaptarse á inflación, que se salven os compromisos coa AESIA, etcétera, etcétera.

Sorprendeunos que outros partidos renunciasen a que o Concello conte cuns orzamentos municipais en 2023 tratándose da ferramenta máis importante de xestión municipal para adaptarse, pois ás circunstancias **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —e vou acabando— ás circunstancias actuais da cidadanía. Por esa regra de tres nos anos electorais non habería orzamentos municipais porque, efectivamente, os vai ter que xestionar o

*personas que habitan en A Coruña, lo que tiene que ver con la vivienda, lo que tiene que ver con la factura de la luz, lo que tiene que ver con los equipamientos en los barrios. Ahí la ejecución es prácticamente inexistente. Las entidades de la ciudad están sin visos de convenios y para finalizarla, pues se produce una crisis de gobierno que no por anunciada deja de ser más seria y de traer aun más caos, pues a la gestión del Gobierno local.*

*La Marea Atlántica ante esta situación de parálisis ejerce el rol que tiene que ejercer, que es de motor, y acabamos de presentar diez propuestas que tienen como objetivo que el Gobierno abra la negociación presupuestaria. Son diez propuestas que en lo esencial se remiten a acuerdos sin cumplir. Nuestras propuestas presupuestarias se trasladarán en el momento oportuno, pero son diez propuestas que vuelven a hacer mención a la problemática de la vivienda, a la problemática de la energía, bueno, pues pidiendo que se regulen por fin los pisos turísticos, que se publique el mapa de las renovables, que se aborde ya la negociación del Capítulo 4, que se incorporen la actualización necesaria para la renta social municipal y las ayudas de emergencia para adaptarse a la inflación, que se salven los compromisos con la AESIA, etcétera, etcétera.*

*Nos sorprendió que otros partidos renunciaran a que el Ayuntamiento cuente con unos presupuestos municipales en 2023 tratándose de la herramienta más importante de gestión municipal para adaptarse, pues a las circunstancias* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y voy acabando— a las circunstancias actuales de la ciudadanía. Por esa regla de tres en los años electorales no habría presupuestos municipales porque, efectivamente, los va a tener que gestionar*

partido que resulte investido tralas eleccións, pero bueno, entendemos dende a Marea Atlántica que temos un rol todos os grupos, e nós tentamos exercelo, de poñer orde no que importa. Agora o que importa é que a cidade, pois en primeiro lugar, recupere a normalidade democrática despois do cese dunha concelleira que estaba anunciado, e por outro lado, pois que poda contar cunhas contas, uns orzamentos destinados a atender as necesidades dos nosos veciños e veciñas.

Nada máis, moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora García.

Turno para o Partido Popular, señora gallego.

***Señora Gallego Neira***

*Si, moitas grazas.*

*Bos días aos compañeiros de Corporación, funcionarios municipais e quen segue este pleno desde a tribuna ou desde as súas casas. Quero aproveitar para desexar a todos os coruñeses un feliz aninovo.*

*Traen a Pleno a aprobación definitiva do Modificativo de crédito, o M4, e a modificación do Anexo de investimentos por un novo erro, o Expediente M6, que non ten ningún problema, haberá que emendalo. Son seis modificativos do orzamento que se aprobou en abril, seis modificativos en oito meses. Iso si, Comisión de Facenda extraordinaria e urxente, Pleno extraordinario e urxente convocado onte ao mediodía. Esta vez teñen a xustificación de que se presentaron alegacións.*

*el partido que resulte investido tras las elecciones, pero bueno, entendemos desde la Marea Atlántica que tenemos un rol todos los grupos, y nosotros intentamos ejercerlo, de poner orden en lo que importa. Ahora lo que importa es que la ciudad, pues en primer lugar, recupere la normalidad democrática después del cese de una concejala que estaba anunciado, y por otro lado, pues que pueda contar con unas cuentas, unos presupuestos destinados a atender las necesidades de nuestros vecinos y vecinas.*

*Nada más, muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora García.*

*Turno para el Partido Popular, señora Gallego.*

**Señora Gallego Neira**

Sí, muchas gracias.

Buenos días a los compañeros de Corporación, funcionarios municipales y quienes siguen este pleno desde la tribuna o desde sus casas. Quiero aprovechar para desear a todos los coruñeses un feliz año nuevo.

Traen a Pleno la aprobación definitiva del Modificativo de crédito, el M4, y la modificación del Anexo de inversiones por un nuevo error, el Expediente M6, que no tiene ningún problema, habrá que subsanarlo. Son seis modificativos del presupuesto que se aprobó en abril, seis modificativos en ocho meses. Eso sí, Comisión de Hacienda extraordinaria y urgente, Pleno extraordinario y urgente convocado ayer al mediodía. Esta vez tienen la justificación de que se han presentado alegaciones.

*Votamos a favor da aprobación inicial porque cantas veces pedimos desde o Partido Popular que se cubra o déficit de EMVSA, a cantidade necesaria para dotar de servizos a Cidade das TIC, axudas para a rehabilitación, campo de fútbol de Eirís ou o reequilibrio do Club do Mar, entre outros asuntos, moitas. Como non imos estar de acordo en que se inclúa no orzamento? Por iso o noso voto foi favorable.*

*A este expediente presentáronse dúas alegacións que non están dentro das causas taxadas, como ben dixo o portavoz socialista, pero que son máis que razoables e existen precedentes dabondo neste concello. Cando lles convén estímanse as alegacións. O campo de fútbol de Eirís non tiña que custarlle nada aos coruñeses, agora licitárono e está a piques de adxudicarse sen que estea aprobado este modificativo, é dicir, sen que conte co orzamento necesario aprobado. Que pasaría se non se aprobase este expediente? Pois habería que desistir do contrato e adeus ao campo de fútbol, volta a empezar. Deberían falar co resto de Grupos.*

*O sobrecusto de 644.000 € aprobado inicialmente prodúcese fundamentalmente polo incremento dos prezos dos materiais, porque houbo que anular o contrato anterior por culpa dos atrasos do Goberno municipal. Levamos tempo advertíndoo. Se ata estaban a xogar sen luz...*

*Quero lembrar que este novo campo de fútbol —dixo o señor Jorquera que substitúe ao de Agrela— é un dos investimentos que deixou previsto o Partido Popular cando gobernou, que tiña que estar acabado hai anos e custar cero euros, e que non foron capaces nin de empezar. Que menos que cubrir as*

Hemos votado a favor de la aprobación inicial porque cuántas veces hemos pedido desde el Partido Popular que se cubra el déficit de EMVSA, la cantidad necesaria para dotar de servicios la Ciudad de las TIC, ayudas para la rehabilitación, campo de fútbol de Eirís o el reequilibrio del Club del Mar, entre otros asuntos, muchas ¿Cómo no vamos a estar de acuerdo en que se incluya en el presupuesto? Por eso nuestro voto fue favorable.

A este expediente se presentaron dos alegaciones que no están dentro de las causas tasadas, como bien dijo el portavoz socialista, pero que son más que razonables y existen precedentes de sobra en este ayuntamiento. Cuando les conviene se estiman las alegaciones. El campo de fútbol de Eirís no tenía que haberle costado nada a los coruñeses, ahora lo han licitado y está a punto de adjudicarse sin que esté aprobado este modificativo, es decir, sin que cuente con el presupuesto necesario aprobado ¿Qué pasaría si no se aprobase este expediente? Pues habría que desistir del contrato y adiós al campo de fútbol, vuelta a empezar. Deberían haber hablado con el resto de Grupos.

El sobrecoste de 644.000 € aprobado inicialmente se produce fundamentalmente por el incremento de los precios de los materiales, porque hubo que anular el contrato anterior por culpa de los retrasos del Gobierno municipal. Llevamos tiempo advirtiéndolo. Si hasta estaban jugando sin luz...

Quiero recordar que este nuevo campo de fútbol —dijo el señor Jorquera que sustituye al de Agrela— es una de las inversiones que dejó prevista el Partido Popular cuando gobernó, que tenía que estar acabada hace años y haber costado cero euros, y que no han sido capaces ni de empezar. Qué menos que cubrir las

*bancadas. O Club de Fútbol de Eirís e a Asociación de Veciños piden que se cubran as bancadas. Calculan 300.000 €, parece razoable. Dicía o señor Lage que non falan nas alegacións dun novo proxecto, que entón se podería tratar, senón que falan do mesmo proxecto e que non se pode cambiar. Fágano como queiran, neste modificativo, no primeiro do orzamento prorrogado, pero cubran as bancadas cun novo proxecto.*

*Non imos votar en contra porque supoñería tombar todo o expediente, afectando á Cidade das TIC, ao Club do Mar, a EMVSA, etcétera, pero imos esixir que se atenda a reclamación do Club e dos veciños, se non é agora, como xa dixen, no primeiro modificativo que se traia a Pleno.*

*Xa diximos que botamos en falta outros convenios, axudas para outras entidades e sobre todo para autónomos e pemes, para crear e manter emprego, e botamos de menos un orzamento para 2023 do que nada sabemos, documento máis importante que ten un concello, e que esta semana van prorrogar o orzamento de 2022 en Xunta de Goberno. Isto supón deixar a entidades e asociacións de todo tipo sen convenios e aos barrios sen novos investimentos.*

*Botamos de menos tamén unha baixada de impostos. Conxelalos co IPC en máximos históricos, a cesta da compra disparada, os recibos da luz, o gas, combustibles, produtos básicos polas nubes, é o mesmo que subilos. E botamos de menos a execución do orzamento. Teñen 77 millóns de euros sen gastar para obras nos barrios de case 91 millóns orzados. O orzamento fináncianse co diñeiro dos coruñeses, que pagan os seus impostos e a realidade é que non se inviste na cidade.*

gradas. El Club de Fútbol de Eirís y la Asociación de Vecinos piden que se cubran las gradas. Calculan 300.000 €, parece razonable. Decía el señor Lage que no hablan en las alegaciones de un nuevo proyecto, que entonces se podría tratar, sino que hablan del mismo proyecto y que no se puede cambiar. Háganlo como quieran, en este modificativo, en el primero del presupuesto prorrogado, pero cubran las gradas con un nuevo proyecto.

No vamos a votar en contra porque supondría tumbar todo el expediente, afectando a la Ciudad de las TIC, al Club del Mar, a EMVSA, etcétera, pero vamos a exigir que se atienda la reclamación del Club y de los vecinos, si no es ahora, como ya he dicho, en el primer modificativo que se traiga a Pleno.

Ya dijimos que echamos en falta otros convenios, ayudas para otras entidades y sobre todo para autónomos y pymes, para crear y mantener empleo, y echamos de menos un presupuesto para 2023 del que nada sabemos, documento más importante que tiene un ayuntamiento, y que esta semana van a prorrogar el presupuesto de 2022 en Junta de Gobierno. Esto supone dejar a entidades y asociaciones de todo tipo sin convenios y a los barrios sin nuevas inversiones.

Echamos de menos también una bajada de impuestos. Congelarlos con el IPC en máximos históricos, la cesta de la compra disparada, los recibos de la luz, el gas, combustibles, productos básicos por las nubes, es lo mismo que subirlos. Y echamos de menos la ejecución del presupuesto. Tienen 77 millones de euros sin gastar para obras en los barrios de casi 91 millones presupuestados. El presupuesto se financia con el dinero de los coruñeses, que pagan sus impuestos y la realidad es que no se invierte en la ciudad.

*Nada máis e moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Gallego.

Pecha o debate o voceiro do Goberno, señor Lage Tuñas.

**Señor Lage Tuñas**

Pois moitas grazas, señora alcaldesa e moitas grazas a todos os membros da Corporación que veñen de intervir.

Creo que o asunto que estamos a tratar, que é o M4 e o M6, non representan ningún problema, creo que hai unha coincidencia de fondo sobre o único asunto que podería xerar algunha controversia, que non é o caso. É dicir, creo que hai unha coincidencia xeralizada de valorar a proposta que se achega para dotar dunha cubrición, dunha grada o campo de fútbol de Eirís. Vamos a ir por partes. Primeiro vamos a facer o que ata o de agora non se fixo, porque aquí falar non ten cancela. Falar falan moitos, o que pasa é que facer, faise algo menos. Entonces, como nalgúns outros casos que vimos ó longo do mandato, tiña razón a señora Gallego, tíñase que ter feito, pero... Tíñase que ter feito, pero pasaron uns cuantos por aquí, por aquí é que pasaron uns cuantos. Estase facendo agora, baixo o mandato de Inés Rey como alcaldesa, e polo tanto Eirís terá ese campo de fútbol e os equipos deportivos da cidade terán ese equipamento deportivo.

Estamos de acordo en cubrir ese campo? Nos parece razonable o que se achega. O que non sería razonable é parar unha adxudicación e unha execución de obra para volver a empezar de novo outra vez.

Nada más y muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Gallego.*

*Cierra el debate el portavoz del Gobierno, señor Lage Tuñas.*

***Señor Lage Tuñas***

*Pues muchas gracias, señora alcaldesa y muchas gracias a todos los miembros de la Corporación que acaban de intervenir.*

*Creo que el asunto que estamos tratando, que es el M4 y el M6, no representan ningún problema, creo que hay una coincidencia de fondo sobre el único asunto que podría generar alguna controversia, que no es el caso. Es decir, creo que hay una coincidencia generalizada de valorar la propuesta que se aporta para dotar de una cubrición, de una grada el campo de fútbol de Eirís. Vamos a ir por partes. Primero vamos a hacer lo que hasta ahora no se hizo, porque aquí hablar no tiene cancela. Hablar hablan muchos, lo que pasa es que hacer, se hace algo menos. Entonces, como en algunos otros casos que vimos a lo largo del mandato, tenía razón la señora Gallego, se tenía que haber hecho, pero... Se tenía que haber hecho, pero pasaron unos cuantos por aquí, por aquí es que pasaron unos cuantos. Se está haciendo ahora, bajo el mandato de Inés Rey como alcaldesa, y por lo tanto Eirís tendrá ese campo de fútbol y los equipos deportivos de la ciudad tendrán ese equipamiento deportivo.*

*¿Estamos de acuerdo en cubrir ese campo? Nos parece razonable lo que se aporta. Lo que no sería razonable es parar una adjudicación y una ejecución de obra para volver a empezar de nuevo*

Supoño que todos entendemos que é compatible facer o campo de fútbol e ó mesmo tempo sacar adiante un proxecto complementario para que cando se remate o campo de fútbol se poña a grada ou en paralelo. É dicir, iso terán que velo os servizos técnicos, eu desde logo non son tan listo como algúns membros da Corporación que deben de reunir características suficientes para aunar o dereito á arquitectura, os coñecementos ambientales, e tal. Eu digo: fagamos o que dicta o sentido común. O sentido común dice que se temos aprobado unha obra que xa licitamos no seu momento e que xa adxudicamos, quero recordar. O Goberno municipal pode equivocarse nalgunhas cousas ou acertar noutras, pero á metade deste mandato xa se adxudicou esa obra. Tivemos, pois a mala fortuna —supoño que iso lle pode pasar a calquera goberno— de que a empresa adxudicataria quebrou. Non parece precisamente que non fora solvente. Quero dicir que sobre iso tampouco haberá dúbidas, pero na vida pasan estas cousas. E que fixemos a continuación? Pois asumir os cambios que tería que asumir calquera goberno. Todos sabemos que os materiales se encareceron como mínimo nun 30 % e de aí para arriba, e houbo que cambiar o proxecto, porque o que costaba antes 100 xa non costa agora 100, e o que fixemos foi actuar con responsabilidade, dotar máis recursos económicos e licitar de novo o proxecto. Está tramitándose, a piques de ser adxudicado e a continuación a execución.

*otra vez. Supongo que todos entendemos que es compatible hacer el campo de fútbol y al mismo tiempo sacar adelante un proyecto complementario para que cuando se finalice el campo de fútbol se ponga la grada o en paralelo. Es decir, eso tendrán que verlo los servicios técnicos, yo desde luego no soy tan listo como algunos miembros de la Corporación que deben de reunir características suficientes para aunar el derecho a la arquitectura, los conocimientos ambientales, y tal. Yo digo: hagamos lo que dicta el sentido común. El sentido común dice que si hemos aprobado una obra que ya licitamos en su momento y que ya adjudicamos, quiero recordar... El Gobierno municipal puede equivocarse en algunas cosas o acertar en otras, pero a la mitad de este mandato ya se adjudicó esa obra. Tuvimos, pues la mala fortuna —supongo que eso le puede pasar a cualquier gobierno— de que la empresa adjudicataria quebró. No parece precisamente que no fuera solvente. Quiero decir que sobre eso tampoco habrá dudas, pero en la vida pasan estas cosas. Y ¿qué hicimos a continuación? Pues asumir los cambios que tendría que asumir cualquier gobierno. Todos sabemos que los materiales se encarecieron como mínimo en un 30 % y de ahí para arriba, y hubo que cambiar el proyecto, porque lo que costaba antes 100 ya no cuesta ahora 100, y lo que hicimos fue a actuar con responsabilidad, dotar más recursos económicos y licitar de nuevo el proyecto. Está tramitándose, a punto de ser adjudicado y a continuación la ejecución.*

Dicía a señora Faraldo, bueno se o Goberno se compromete. A alcaldesa claro que se compromete, está comprometida con todos os barrios da cidade, por suposto, se compromete tanto que por este goberno non vai a quedar. Se hai respaldo e votos

*Decía la señora Faraldo, bueno si el Gobierno se compromete. La alcaldesa claro que se compromete, está comprometida con todos los barrios de la ciudad, por supuesto, se compromete tanto que por este gobierno no va a quedar. Si hay respaldo y votos suficientes*

suficientes para sacar adiante un orzamento, claro que haberá esa obra, pero aí os Grupos terán que decidir se lle prima máis o interese electoral de que haxa un orzamento aprobado ou non. Claro, esa é a realidade, aí é donde cada un se vai a retratar.

*para sacar adelante un presupuesto, claro que habrá esa obra, pero ahí los Grupos tendrán que decidir si le prima más el interés electoral de que haya un presupuesto aprobado o no. Claro, esa es la realidad, ahí es donde cada uno se va a retratar.*

O señor Jorquera, por ejemplo, que sabe que lle teño aprecio, dixo que bah, que xa para o tempo que quedaba... O dixo sen decir quen, pero a min gústame ser directo porque sempre é moito mellor así. Levámonos ben, entendémonos ben, pero... Dice, bueno, para o que queda, para que van a facer o orzamento. Bueno, o orzamento é para todo o 2023, vamos a ver se é posible, vamos a ver se é posible. É dicir, o Grupo Municipal Socialista e o Goberno municipal ten a vontade, despois o que vamos a procurar é non facernos trampas. Se vemos que non hai vontade **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —e remato, señora alcaldesa— de que haxa votos suficientes, pois loxicamente... quero dicir, tampouco é cuestión de andar... Agora, abertamente: grada para o campo de fútbol de Eirís, xa lles digo que si, e irá no proxecto de orzamentos. O que espero é que haxa a lo menos 14 votos para que o orzamento poida saír adiante.

*El señor Jorquera, por ejemplo, que sabe que le tengo aprecio, dijo que bah, que ya para el tiempo que quedaba... Lo dijo sin decir quién, pero a mí me gusta ser directo porque siempre es mucho mejor así. Nos llevamos bien, nos entendemos bien, pero... Dice, bueno, para lo que queda, para qué van a hacer el presupuesto. Bueno, el presupuesto es para todo el 2023, vamos a ver si es posible, vamos a ver si es posible. Es decir, el Grupo Municipal Socialista y el Gobierno municipal tiene la voluntad, después lo que vamos a procurar es no hacernos trampas. Si vemos que no hay* ***voluntad (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y finalizo, señora alcaldesa— de que haya votos suficientes, pues lógicamente... quiero decir, tampoco es cuestión de andar... Ahora, abiertamente: grada para el campo de fútbol de Eirís, ya les digo que sí, e irá en el proyecto de presupuestos. Lo que espero es que haya por lo menos 14 votos para que el presupuesto pueda salir adelante.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Lage.

*Muchas gracias, señor Lage.*

Remata o debate dos asuntos dous e tres e procedemos á votación dos mesmos por separado.

*Finaliza el debate de los asuntos dos y tres y procedemos a la votación de los mismos por separado.*

**<u>Votación do asunto número dous</u>**

***<u>Votación del asunto número dos</u>***

Seguidamente pola Presidencia

*Seguidamente por la Presidencia se*

sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

*somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Queda aprobado o asunto número dous.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Queda aprobado el asunto número dos.*

**Acordo**

1. Desestimar as alegacións presentadas fronte á aprobación inicial do Expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do Anexo de Investimentos, modificación do Anexo de Subvencións nominativas e modificación das Bases de Execución do Orzamento 2022 por Mariano Rodríguez-Navas Belo, en representación do Club de Fútbol Eirís, S.D., con data de entrada no rexistro de 22/12/2022 (AGOE16066F) e Mónica Díaz Carrodeguas, en representación de AVV de Eirís "Uxío Carré", con data de

***Acuerdo***

*1. Desestimar las alegaciones presentadas frente a la aprobación inicial do Expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito, modificación del Anexo de Inversiones, modificación del Anexo de Subvenciones nominativas y modificación de las Bases de Ejecución del Presupuesto 2022 por Mariano Rodríguez-Navas Bello, en representación del Club de Fútbol Eirís, S.D., con fecha de entrada en el registro de 22/12/2022 (AGOE16066F) y Mónica Díaz Carrodeguas, en representación de AVV de Eirís "Uxío Carré", con fecha de entrada en el*

entrada no rexistro de 23/12/2022 (RMPE16228B).

2. Aprobar definitivamente o expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do Anexo de Investimentos, modificación do Anexo de Subvencións nominativas e modificación das Bases de Execución do Orzamento 2022.

3. Publicar de acordo con o previsto no apartado 3 do artigo 169 do TRLRHL.

4. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

**Votación do asunto número tres**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número tres referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto)

*registro de 23/12/2022 (RMPE16228B).*

*2. Aprobar definitivamente el expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito, modificación del Anexo de Inversiones, modificación del Anexo de Subvenciones nominativas y modificación de las Bases de Ejecución del Presupuesto 2022.*

*3. Publicar de acuerdo con lo previsto en el apartado 3 del artículo 169 del TRLRHL.*

*4. Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.*

***Votación del asunto número tres***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número tres referenciado en la orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto)*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Queda aprobado por unanimidade.

**Acordo**

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2022, incorporando os cambios que se detallan a continuación, condicionado a que se aprobe definitivamente o expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do anexo de investimentos, modificación do anexo de subvencións nominativas e modificación das bases de execución do orzamento 2022: Subvención nominativa aprobada no M4/2022, según se detalla no anexo I adxunto.

2. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Queda aprobado por unanimidad.*

***Acuerdo***

*1. Aprobar el expediente de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2022, incorporando los cambios que se detallan a continuación, condicionado la que se apruebe definitivamente el expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, bajas por anulación de crédito, modificación del anexo de inversiones, modificación del anexo de subvenciones nominativas y modificación de las bases de ejecución del presupuesto 2022: Subvención nominativa aprobada en el M4/2022, según se detalla en el anexo I adjunto.*

*2. Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad al acordado.*

ANEXO

| Expediente M6/2022 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento 2022 |
| --- |

Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na Sección 2ª do Capítulo II do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de Execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aqueloutras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a

modernización do Goberno Local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Na Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022 "Vinculacións xurídicas" regúlanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente dispoñendo, que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirá dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

De acordo coa Base 11ª das de Execución do Orzamento municipal, onde se regulan as Subvencións, calquera modificación do Anexo de Subvencións nominativas debe ser aprobada polo Pleno da Corporación. Na devandita base establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento. No suposto que nos ocupa, tramítase unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas, mediante a que a Área de Deportes propón modificar o perceptor e a finalidade específica dun convenio nominativo aprobado inicialmente no M4/2022.

Subvención nominativa aprobada inicialmente no M4/2022

| APLICACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN APLICACIÓN | DESCRICIÓN TRANSFERENCIA | PERCEPTOR | NIF | FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52.341 .48950 | 25.000,00 | TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS | Convenio Federación Galega de Kárate e D.A. | FEDERACIÓN GALEGA DE KÁRATE E D.A. | G36640019 | Novo convenio para organización da Youth League de Kárate 2022 |

<u>Proposta modificación do M6/2022</u>

| APLICACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN APLICACIÓN | DESCRICIÓN TRANSFERENCIA | PERCEPTOR | NIF | FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52.341 .48950 | 25.000,00 | TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS | Convenio Federación Española de Kárate | FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE KARATE | G28557056 | Novo convenio para financiar a liga Nacional de Kárate 16,17 e 18 decembro 2022 |

Neste expediente M6/2022 proponse unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas de 2022, unha modificación no perceptor e a finalidade, dunha subvención nominativa aprobada no expediente M4/2022. Esta modificación é de competencia plenaria pero non implica modificación do crédito consignado, nin modificación da aplicación orzamentaria. Trátase de corrixir un erro nun convenio nominativo aprobado co expediente modificativo M4/2022.

Propúxose por erro, no M4/2022, un novo convenio coa Federación Galega de Kárate e D.A., para unha a organización da Youth League de Kárate 2022, cando se debería propoñer o convenio coa Federación Española de Kárate, para a organización da liga Nacional de Kárate os días 16,17 e 18 de decembro de 2022. O importe e a aplicación é a mesma. Por iso, de acordo coa Base 6ª das de Execución do Orzamento, require unha única aprobación polo Pleno da Corporación.

O expediente M4/2022 foi aprobado polo Pleno da Corporación o 29/11/2022 e sometido a exposición pública por 15 días, mediante anuncio publicado no BOP nº 227, do 30 de

novembro. Durante o citado prazo presentáronse dúas reclamacións contra el, segundo resulta da certificación expedida polo Secretario Xeral do Pleno con data do 26/12/2022. En consecuencia, a modificación desta subvención nominativa proposta neste expediente M6/2022 está supeditada á aprobación definitiva do expediente M4/2022 polo Pleno da Corporación. Unha vez aprobado definitivamente o expediente M4/2022 terá plena eficacia esta modificación proposta no M6/2022.

II. O expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2022 vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do Expediente.

Elevarase proposta para a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente non necesita exposición pública (Base 6ª das de Execución do Orzamento de 2022).

III. Conforme a normativa citada, e se se considera oportuno, sería procedente formular ao Pleno da Corporación, a seguinte:

**Proposta de acordo:**

3. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2022, incorporando os cambios que se detallan a continuación, condicionado a que se aprobe definitivamente o expediente M4/2022 de concesión de suplementos de crédito, créditos extraordinarios, baixas por anulación de crédito, modificación do anexo de investimentos, modificación do anexo de subvencións nominativas e modificación das bases de execución do orzamento 2022:

Subvención nominativa aprobada no M4/2022:

| APLICACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN APLICACIÓN | DESCRICIÓN TRANSFERENCIA | PERCEPTOR | NIF | FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52.341 .48950 | 25.000,00 | TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS | Convenio Federación Galega de Kárate e D.A. | FEDERACIÓN GALEGA DE KÁRATE E D.A. | G36640019 | Novo convenio para organización da Youth League de Kárate 2022 |

Proposta modificación do M6/2022:

| APLICACIÓN | IMPORTE | DENOMINACIÓN APLICACIÓN | DESCRICIÓN TRANSFERENCIA | PERCEPTOR | NIF | FINALIDADE |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 52.341 .48950 | 25.000,00 | TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS | Convenio Federación Española de Kárate | FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE KARATE | G28557056 | Novo convenio para financiar a liga Nacional de Kárate 16,17 e 18 decembro 2022 |

4. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

| | |
|---|---|
| **ASUNTO 4** | ***ASUNTO 4*** |
| **Expediente AD0/2021/67**<br>**Aprobación do Acordo transaccional** | ***Expediente AD0/2021/67***<br>***Aprobación del Acuerdo transaccional*** |

**entre a Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios e da Seguridade do Estado, S.M.E., S.A. e o Concello da Coruña.**

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral, en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2022, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica e Bloque Nacionalista Galego e as concelleiras non adscritas D. ª Isabel Faraldo Calvo e D.ª Susana Soneira Lema, propoñendo ó Pleno municipal a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO:** Aprobar o "ACORDO TRANSACCIONAL ENTRE A SOCIEDADE DE INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS PENITENCIARIOS E DA SEGURIDADE DO ESTADO, S.M.E., S.A. E O CONCELLO DA CORUÑA" que se incorpora como anexo, e autorizar a firma do mesmo, que lle corresponde á alcaldesa-presidenta en nome do Concello, cuxa representación ostenta en virtude do artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

**SEGUNDO:** Recoñecer a obriga económica a favor da Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios e da Seguridade do Estado, S.M.E., S.A. (SIEPSE), con CIF A-80303365, derivada do citado acordo transaccional, por importe total de 2.296.654,40 €, de acordo co seguinte detalle:

- 813.976,28 €, con cargo ao exercicio 2022, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias que se detallan na seguinte táboa (o recoñecemento

***entre la Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios y de la Seguridad del Estado, S.M.E., S.A. y el Ayuntamiento de A Coruña.***

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General, en sesión celebrada el día 27 de diciembre de 2022, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica y Bloque Nacionalista Galego y las concejalas no adscritas D. ª Isabel Faraldo Calvo y D.ª Susana Soneira Lema, proponiendo al Pleno municipal a adopción de los acuerdos siguientes:*

***PRIMERO:*** *Aprobar el "ACUERDO TRANSACCIONAL ENTRE LA SOCIEDAD DE INFRAESTRUCTURAS Y EQUIPAMIENTOS PENITENCIARIOS Y DE LA SEGURIDAD DEL ESTADO, S.M.E., S.A. Y EL AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA" que se incorpora como anexo, y autorizar la firma del mismo, que corresponde a la alcaldesa-presidenta en nombre del Ayuntamiento, cuya representación ostenta en virtud del artículo 124.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local.*

***SEGUNDO:*** *Reconocer la obligación económica a favor de la Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios y de la Seguridad del Estado, S.M.E., S.A. (SIEPSE), con CIF A-80303365, derivada del citado acuerdo transaccional, por importe total de 2.296.654,40 €, de acuerdo al siguiente detalle:*

*- 813.976,28 € con cargo al ejercicio 2022, que se imputarán a las aplicaciones presupuestarias que se detallan en la siguiente tabla (el reconocimiento efectivo*

efectivo da obriga queda condicionado á homologación xudicial do acordo transaccional e aboarase dentro do mes seguinte ao da devandita homologación).

*de la obligación queda condicionado a la homologación judicial del acuerdo transaccional y se abonará dentro del mes siguiente al de dicha homologación).*

- 741.339,06 €, con cargo ao exercicio 2023, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias que se detallan na seguinte táboa (aboaranse antes do 30-12-2023).

*- 741.339,06 € con cargo al ejercicio 2023, que se imputarán a las aplicaciones presupuestarias que se detallan en la siguiente tabla (se abonarán antes del 30-12-2023).*

- 741.339,06 €, con cargo ao exercicio 2024, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias que se detallan na seguinte táboa (aboaranse antes do 30-12-2024).

*- 741.339,06 € con cargo al ejercicio 2024, que se imputarán a las aplicaciones presupuestarias que se detallan en la siguiente tabla (se abonarán antes del 30-12-2024).*

| **Aplicación orzamentaria/ Aplicación presupuestaria** | **Importe € Exercicio/Ejercicio 2022** | **Importe € Exercicio/Ejercicio 2023** | **Importe € Exercicio/ Ejercicio 2024** | **TOTAL €** |
|---|---|---|---|---|
| **20.920.22614** | **463.976,28** | **330.987,60** | **378.918,52** | **1.173.882,40** |
| **30.151.60005 (Código de proxecto/proyecto 2022 2 30 10)** | **350.000,00** | **410.351,46** | **362.420,54** | **1.122.772,00** |
| | **813.976,28** | **741.339,06** | **741.339,06** | **2.296.654,40** |

Os gastos comprometidos para as anualidades futuras 2023 e 2024 quedan condicionados a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos de cada anualidade.

*Los gastos comprometidos para las anualidades futuras 2023 y 2024 quedan condicionados a que exista crédito adecuado y suficiente en los presupuestos de cada anualidad.*

En todo caso, o cumprimento do acordo transaccional e dos seus compromisos, incluídos os económicos, queda condicionado a que se homologue xudicialmente este acordo.

*En todo caso, el cumplimiento del acuerdo transaccional y sus compromisos, incluidos los económicos, queda condicionado a que se homologue judicialmente dicho acuerdo.*

**TERCEIRO**: Habilitar aos letrados municipais María José Macías Mourelle, Javier Mato Fariña, Miguel Anxo López Prado e José María Pérez Ferrol para realizar os trámites que resulten necesarios para elevar o devandito acordo ao Xulgado de 1.ª Instancia nº 5

***TERCERO**: Habilitar a los letrados municipales María José Macías Mourelle, Javier Mato Fariña, Miguel Anxo López Prado y José María Pérez Ferrol para realizar los trámites que resulten necesarios para elevar dicho acuerdo al Juzgado de 1ª Instancia nº 5 de A Coruña*

da Coruña dentro do Procedemento Ordinario número 506/2014, e solicitar a súa homologación xudicial, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei de Axuizamento Civil, mediante resolución que lle conceda o carácter de título executivo en virtude do previsto no artigo 517.2, 3.º da mesma lei.

*dentro del Procedimiento Ordinario número 506/2014, y solicitar su homologación judicial, de conformidad con lo establecido en el artículo 19 de la Ley de Enjuiciamiento Civil, mediante resolución que le conceda el carácter de título ejecutivo en virtud de lo previsto en el artículo 517.2, 3º de la misma Ley.*

**Presidencia**

Pasamos xa ó asunto número catro. Señor secretario.

***Presidencia***

*Pasamos ya al asunto número cuatro. Señor secretario.*

**Señor Secretario**

Expediente de aprobación do acordo transaccional entre a Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios e da Seguridade do Estado, S.M.E., S.A. e o Concello da Coruña.

***Señor Secretario***

*Expediente de aprobación del acuerdo transaccional entre la Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios y de la Seguridad del Estado, S.M.Y., S.A. y el Ayuntamiento de A Coruña.*

**Presidencia**

Ben, ten a palabra en primeiro lugar o voceiro do Goberno para explicar este asunto número catro e a continuación haberá dúas quendas, a primeira de cinco minutos e a segunda de tres minutos por cada concelleira non adscrita ou grupo municipal.

Señor Lage, ten a palabra.

***Presidencia***

*Bien, tiene la palabra en primer lugar el portavoz del Gobierno para explicar este asunto número cuatro y a continuación habrá dos turnos, el primero de cinco minutos y el segundo de tres minutos por cada concejala no adscrita o grupo municipal.*

*Señor Lage, tiene la palabra.*

**Señor Lage Tuñas**

Grazas de novo, señora alcaldesa.

Ben. Trasladamos ó Pleno o acordo transaccional co que pretendemos poñer fin a un procedemento derivado dunha sentencia xudicial do Xulgado de Primeira Instancia número 5 da Coruña entre a Sociedade de Infraestruturas e Equipamentos Penitenciarios e o Concello da Coruña. É bo poñer os

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias de nuevo, señora alcaldesa.*

*Bien. Trasladamos al Pleno el acuerdo transaccional con el que pretendemos poner fin a un procedimiento derivado de una sentencia judicial del Juzgado de Primera Instancia número 5 de A Coruña entre la Sociedad de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios y el Ayuntamiento de A Coruña. Es bueno*

antecedentes para que todos saibamos de que falamos.

*poner los antecedentes para que todos sepamos de qué hablamos.*

Con data 20 de outubro de 2005 o Concello da Coruña, gobernado naquel momento polo Partido Socialista, sendo alcalde don Francisco Vázquez Vázquez, e a Dirección Xeral de Institucións Penais e a Sociedade Estatal de Infraestruturas e Equipamentos Penais, chegan a un acordo cun convenio de colaboración para a construción dun centro de inserción social na cidade e o destino da antigua prisión. Este convenio obrigaba ás partes, con carácter principal, á permuta do conxunto inmobiliario que conformaba a antiga prisión provincial, que pasaría a ser propiedade do Concello, cunha parcela de 9.000 m2 situada no paseo marítimo da cidade que pasaría a ser propiedade de SIEPSE. Ademais da permuta dos referidos inmobles, ante a diferencia de valor entrambos, o Concello comprometeuse a abonar a SIEPSE, ó Estado, a cantidade de 1.122.772 €. Consta como Anexo 1 do convenio o informe de valoración das parcelas do que resulta a citada diferencia.

*Con fecha 20 de octubre de 2005 el Ayuntamiento de A Coruña, gobernado en aquel momento por el Partido Socialista, siendo alcalde don Francisco Vázquez Vázquez, y la Dirección General de Instituciones Penitenciarias y la Sociedad Estatal de Infraestructuras y Equipamientos Penitenciarios, llegan a un acuerdo con un convenio de colaboración para la construcción de un centro de inserción social en la ciudad y el destino de la antigua prisión. Este convenio obligaba a las partes, con carácter principal, a la permuta del conjunto inmobiliario que conformaba la antigua prisión provincial, que pasaría a ser propiedad del Ayuntamiento, con una parcela de 9.000 m2 situada en el paseo marítimo de la ciudad que pasaría a ser propiedad de SIEPSE. Además de la permuta de los referidos inmuebles, ante la diferencia de valor entre ambos, el Ayuntamiento se comprometió a abonar a SIEPSE, al Estado, la cantidad de 1.122.772 €. Consta como Anexo 1 del convenio el informe de valoración de las parcelas del que resulta la citada diferencia.*

Ademais das obrigas principais descritas no apartado anterior, o Concello da Coruña quedaba obrigado a tramitar o procedemento oportuno para modificar o uso da parcela de terreno a ceder ó Estado. Tamén se comprometía a axilizar os trámites urbanísticos e administrativos necesarios.

*Además de las obligaciones principales descritas en el apartado anterior, el Ayuntamiento de A Coruña quedaba obligado a tramitar el procedimiento oportuno para modificar el uso de la parcela de terreno a ceder al Estado. También se comprometía a agilizar los trámites urbanísticos y administrativos necesarios.*

Ben, unha vez achegado o inmoble da antigua prisión provincial ó capital social de SIEPSE, con data 30 de xullo de 2010, esta sociedade comunicou ó Concello da Coruña a súa disposición para outorgar a escritura de permuta a

*Bien, una vez aportado el inmueble de la antigua prisión provincial al capital social de SIEPSE, con fecha 30 de julio de 2010, esta sociedad comunicó al Ayuntamiento de A Coruña su disposición para otorgar la escritura de permuta a*

partir do 30 de setembro de 2010.

O Concello da Coruña non accedeu ó solicitado e procedeu a adoptar as seguintes resolucións: unha, —cando gobernaba o señor Lorenzo e a señora Gallego— resolución da Xunta de Goberno Local de 14 do 6 do 2013, pola que argumentando a nulidade do convenio do 20 do 5 de 2005, —é dicir, non estaban de acordo co convenio— acórdase propoñer a modificación do mesmo por acordo de ambas partes ou na súa falta o inicio dun procedemento de revisión de oficio do devandito convenio, por entender o Concello que o cumprimento do mesmo resulta lesivo para os seus intereses municipais.

Pouco máis que engadir. Eu entendo que teñen que buscar algo co que facer a oposición, pero me imaxino que se comezou o mandato contando tódolos desastres que existían... Recórdollo, señora Gallego? Non sei se naquel momento era portavoz, viceportavoz, respons... Solo sei que, bueno, que polo menos vostede aí está, *aguanta ó pé do canón*. E dicía que era todo un desastre, pero resulta que as cifras... É dicir, vostedes foron un goberno de 14 concejales. A verdade é que se podían ser de 16, que non serviu para moito. Este grupo municipal ten os mesmos membros que tiña ó comezo do mandato, os mesmos. Non cambiaron, señora Gallego. Podería ter cambiado o portavoz, que bueno, en fin... a verdade é que é bastante mellorable o portavoz do Grupo Socialista, pero de momento os que cambiaron foron os do Partido Popular. Supoño que non levarei eu tamén a culpa, que creo que xa é o que me falta. Primeiro a señora Mato, por se non se acordaba. Despois o señor Rodríguez, que agora está *no retorno*. Canto me alegro polo señor Rodríguez, que ben que sabe que me alegro. Despois foi vostede, *que quedou ás portas*, e ben sabe vostede que eu lle recoñezo a súa capacidade e o seu traballo. E finalmente reapareceu o señor Lorenzo.

*Poco más que añadir. Yo entiendo que tienen que buscar algo con lo que hacer la oposición, pero me imagino que si comenzó el mandato contando todos los desastres que existían... ¿Se lo recuerdo, señora Gallego? No sé si en aquel momento era portavoz, viceportavoz, respons... Solo sé que, bueno, que por lo menos usted ahí está,* aguanta al pie del cañón. *Y decía que era todo un desastre, pero resulta que las cifras... Es decir, ustedes fueron un gobierno de 14 concejales. La verdad es que si podían ser de 16, que no sirvió para mucho. Este grupo municipal tiene los mismos miembros que tenía al comienzo del mandato, los mismos. No cambiaron, señora Gallego. Podría haber cambiado el portavoz, que bueno, en fin... la verdad es que es bastante mejorable el portavoz del Grupo Socialista, pero de momento los que cambiaron fueron los del Partido Popular. Supongo que no me llevaré yo también la culpa, que creo que ya es lo que me falta. Primero la señora Mato, por si no se acordaba. Después el señor Rodríguez, que ahora está* en el retorno. *Cuánto me alegro por el señor Rodríguez, que bien que sabe que me alegro. Después fue usted,* que ese quedó a las puertas, *y bien sabe usted que yo le reconozco su capacidad y su trabajo. Y finalmente reapareció el señor Lorenzo.*

Vostedes cren que poden vir a falar da

*¿Ustedes creen que pueden venir a hablar*

Conta Xeral e vir co raca raca cando vostedes levan... Bueno, supoño que non volverán a cambiar de portavoz no que queda de mandato, eh?, me imaxino. Bueno, señora Gallego, tamén se lle volve a tocar... a verdade é que menudo papelón, eh? Catro voceiros neste mandato **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. Remato, señora alcaldesa.

Agradézcolles que faciliten a aprobación da Conta, agradézcolles que recoñezan que melloramos a execución orzamentaria e que temos un gran período medio de pago a provedores.

Dito isto, todo é mellorable. Tamén é mellorable... Xa sei que vostede utiliza o cronómetro, pero ten que utilizalo sempre, non solo para min, señora Gallego, que eu ademais sei que vostede o fai ben. É máis, quen ten que reflexionar é o Partido Popular, porque teño que ser eu o que fale do señor Lorenzo, se non, o teñen aí na burbuja. Déixenlle falar, por favor.

Nada máis. Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Teño todo apuntado, eh? Non vou dicir quen falou... 2,50 de máis, 2,22, 3,20... O que pasa é que... como non se estaban dando, lle gustaba.

Vamos a votar. Asunto 5, Aprobación da Conta Xeral.

**Votación do asunto número cinco**

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación o asunto número cinco referenciado na orde do día,

*de la Cuenta General y venir con el raca raca cuando ustedes llevan... Bueno, supongo que no volverán a cambiar de portavoz en lo que queda de mandato, ¿eh?, me imagino. Bueno, señora Gallego, también si le vuelve a tocar... la verdad es que menudo papelón, ¿eh? Cuatro portavoces en este mandato* ***(se oye una señal acústica indicativo de la finalización del tiempo de intervención)****. Finalizo, señora alcaldesa.*

*Les agradezco que faciliten la aprobación de la Cuenta, les agradezco que reconozcan que mejoramos la ejecución presupuestaria y que tenemos un gran período medio de pago a proveedores.*

*Dicho esto, todo es mejorable. También es mejorable... Ya sé que usted utiliza el cronómetro, pero tiene que utilizarlo siempre, no solo para mí, señora Gallego, que yo además sé que usted lo hace bien. Es más, quien tiene que reflexionar es el Partido Popular, porque tengo que ser yo el que hable del señor Lorenzo, si no, lo tienen ahí en la burbuja. Déjenle hablar, por favor.*

*Nada más. Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Tengo todo apuntado, ¿eh? No voy a decir quien habló... 2,50 de más, 2,22, 3,20... Lo que pasa es que... como no se estaban dando, le gustaba.*

*Vamos a votar. Asunto 5, Aprobación de la Cuenta General.*

***Votación del asunto número cinco***

*Seguidamente, por la Presidencia se somete a votación el asunto número cinco referenciado en el orden del día,*

producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Abstense o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 abstencións).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 abstención)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobado.

**Acordo**

Único.- Aprobar a Conta Xeral da Corporación do exercicio 2021, integrada por: a) a Conta do propio Concello, b) os Estados e Contas Anuais da Empresa Municipal de Aguas de La Coruña. S.A. (EMALCSA), c) os Estados e Contas Anuais da Empresa Municipal Vivenda, Servizos e Actividades, S.A.U. (EMVSA) como sociedades mercantís de capital integramente de propiedade municipal, d) os Estados e Contas Anuais da sociedade mercantil de capital maioritariamente municipal “Edar Bens, S.A.” (participada nun 69% por EMALCSA e incluída no “Grupo EMALCSA”), e) a Conta do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), f) a Conta do Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, g) a

*produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PsdeG-PSOE) (9 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).*

*Se abstiene el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 abstenciones).*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).*

*Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).*

*Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 abstención)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobado.*

***Acuerdo***

*Único.- Aprobar la Cuenta General de la Corporación del ejercicio 2021, integrada por: a) la Cuenta del propio Ayuntamiento, b) los Estados y Cuentas Anuales de la Empresa Municipal de Aguas de La Coruña. S.A. (EMALCSA), c) los Estados y Cuentas Anuales de la Empresa Municipal Vivienda, Servicios y Actividades, S.A.U. (EMVSA) como sociedades mercantiles de capital íntegramente de propiedad municipal, d) los Estados y Cuentas Anuales de la sociedad mercantil de capital mayoritariamente municipal “Edar Bens, S.A.” (participada en un 69% por EMALCSA e incluida en el “Grupo EMALCSA”), e) la Cuenta del Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), f) la Cuenta del Consorcio de Turismo y Congresos de A Coruña, g) la Cuenta del*

Conta do Consorcio para a Promoción da Música, h) a Conta da Fundación EMALCSA, e i) a Conta da Fundación Luís Seoane.

*Consorcio para la Promoción de la Música, h) la Cuenta de la Fundación EMALCSA, e i) la Cuenta de la Fundación Luís Seoane.*

**URBANISMO, VIVENDA, INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

***URBANISMO, VIVIENDA, INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD***

**ASUNTO 6**

***ASUNTO 6***

**201. Expte. 661/2022/61**
**Aprobar o texto do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo hospital do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña e para a execución dos accesos desde a rede viaria de alta capacidade.**

***201. Expte. 661/2022/61***
***Aprobar el texto del convenio entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo hospital del Complejo Hospitalario Universitario A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad.***

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda en sesión celebrada o día 27 de decembro de 2022, cos votos a favor do Grupo Municipal Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego e da concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, propoñendo ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda en sesión celebrada el día 27 de diciembre de 2022, con los votos a favor del Grupo Municipal Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego y de la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, proponiendo al Pleno municipal la adopción de los siguientes acuerdos:*

**PRIMEIRO.-** Aprobar o texto do "CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA

***PRIMERO.-*** *Aprobar el texto del "CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA CAPACIDADE", que se adjunta*

CAPACIDADE", que se xunta como anexo a este acordo (CSV núm. 610T621F122Y6A5I0MRP), existindo crédito orzamentario no vixente exercicio económico por importe de 50.000 euros co Código de Proxecto 2022/4/30/003; quedando, de acordo coa literalidade do art. 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que foi aprobado o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a realización dos gastos dos exercicios futuros subordinado ao crédito que para cada exercicio futuro autoricen os respectivos presupostos.

*como anexo a este acuerdo (CSV núm. 610T621F122Y6A5I0MRP), existiendo crédito presupuestario en el vigente ejercicio económico por importe de 50.000 euros con el Código de Proyecto 2022/4/30/003; quedando, de acuerdo con la literalidad del art. 174.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que fue aprobado el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la realización de los gastos de los ejercicios futuros subordinado al crédito que para cada ejercicio futuro autoricen los respectivos presupuestos.*

Atendendo ao carácter excepcional, polo indudable interese público que representan as actuacións previstas no convenio, de conformidade co art. 174.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que foi aprobado o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación aos compromisos e gastos de exercicios futuros comprometidos no convenio, o Pleno acorda que se eleven as porcentaxes aos que se refire o dito artigo, de acordo cos compromisos asumidos no convenio para cada anualidade futura.

*Atendiendo al carácter excepcional, por el indudable interés público que representan las actuaciones previstas en el convenio, de conformidad con el art. 174.5 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que fue aprobado el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación a los compromisos y gastos de ejercicios futuros comprometidos en el convenio, el Pleno acuerda que se eleven los porcentajes a los que se refiere dicho artículo, de acuerdo con los compromisos asumidos en el convenio para cada anualidad futura.*

**SEGUNDO.-** Declarar que o texto do dito convenio non limita a competencia efectiva dos mercados, para os efectos previstos no art. 59.1.c) do RDLey 36/2020, do 30 de decembro, polo que foron aprobadas medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

***SEGUNDO.-** Declarar que el texto de dicho convenio no limita la competencia efectiva de los mercados, a los efectos previstos en el art. 59.1.c) del RDLey 36/2020, de 30 de diciembre , por el que fueron aprobadas medidas urgentes para la modernización de la Administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.*

**TERCEIRO.-** Facultar expresamente á Alcaldía, tan amplamente como en legal forma sexa posible, para a sinatura do Convenio e para realizar todos os actos, trámites e xestións que sexan precisos

***TERCERO.-** Facultar expresamente a la Alcaldía, tan ampliamente como en legal forma sea posible, para la firma del Convenio y para realizar todos los actos, trámites y gestiones que sean precisos a*

para os efectos de acadar o cumprimento dos fins e obxectivos do dito Convenio.

*los efectos de alcanzar el cumplimiento de los fines y objetivos de dicho Convenio.*

**CUARTO.-** Remitir testemuño deste acordo á Consellería de Sanidade, ao Servizo Galego de Saúde e á Axencia Galega de Infraestruturas, da Xunta de Galicia.

***CUARTO.-*** *Remitir testimonio de este acuerdo a la Consellería de Sanidad, al Servicio Gallego de Salud y a la Agencia Gallega de Infraestructuras, de la Xunta de Galicia.*

**Presidencia**

Asunto número seis, señor secretario.

***Presidencia***

*Asunto número seis, señor secretario.*

**Señor Secretario**

Aprobación do texto do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo Hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade.

***Señor Secretario***

*Aprobación del texto del convenio entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo Hospital del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad.*

**Presidencia**

Ben, ten a palabra o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz Gallego, e a continuación un único turno de cinco minutos por concelleira non adscrita ou grupo municipal.

Señor Díaz, ten a palabra.

***Presidencia***

*Bien, tiene la palabra el concejal de Urbanismo, señor Díaz Gallego, y a continuación un único turno de cinco minutos por concejala no adscrita o grupo municipal.*

*Señor Díaz, tiene la palabra.*

***Señor Díaz Gallego***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*Traemos hoxe a Plena a aprobación do texto do convenio* entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a

**Señor Díaz Gallego**

Gracias, señora alcaldesa.

Traemos hoy a Pleno la aprobación del texto del convenio entre *la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña*

tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución das obras do novo Hospital do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e para a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade.

*para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo Hospital del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad.*

*O pasado 1 de febreiro de 2021 asinouse o convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña mediante o cal se establecían as bases para a execución das obras do novo complexo hospitalario de Coruña. Coa finalidade de desenvolver o mencionado convenio é necesario asinar un convenio para a tramitación e formalización da obtención dos terreos necesarios para a execución destas obras do novo hospital, así como para a execución dos accesos da rede viaria principal de alta capacidade.*

El pasado 1 de febrero de 2021 se firmó el convenio marco de colaboración entre la Xunta de Galicia y el Concello de A Coruña mediante el cual se establecían las bases para la ejecución de las obras del nuevo complejo hospitalario de Coruña. Con la finalidad de desarrollar dicho convenio es necesario firmar un convenio para la tramitación y formalización de la obtención de los terrenos necesarios para la ejecución de estas obras del nuevo hospital, así como para la ejecución de los accesos de la red viaria principal de alta capacidad.

*Neste novo convenio que hoxe vén a Pleno concrétanse os compromisos, tanto pola Consellería de Sanidade como polo Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega de Infraestruturas, por parte da Xunta de Galicia, como os compromisos do Concello da Coruña referidos tanto ás actuacións relativas á adquisición de terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario, así como para a execución das obras necesarias para garantir os accesos e conexións viarias ao novo hospital. Igualmente, contémplanse as actuacións relativas ás obras de urbanización e infraestruturas necesarias.*

En este nuevo convenio que hoy viene a Pleno se concretan los compromisos, tanto por la Consellería de Sanidade como por el Servicio Galego de Saúde y la Axencia Galega de Infraestructuras, por parte de la Xunta de Galicia, como los compromisos del Concello de A Coruña referidos tanto a las actuaciones relativas a la adquisición de terrenos necesarios para la construcción del nuevo recinto hospitalario, así como para la ejecución de las obras necesarias para garantizar los accesos y conexiones viarias al nuevo hospital. Igualmente, se contemplan las actuaciones relativas a las obras de urbanización e infraestructuras necesarias.

*Os compromisos do Concello da Coruña acordados polo Goberno de Inés Rey resúmense nunha cifra: 22.220.000 €. Vou repetila por se non queda claro o nivel de compromiso e a importancia da cifra que asumimos neste acordo: 22.220.000 €.*

Los compromisos del Concello de A Coruña acordados por el Gobierno de Inés Rey se resumen en una cifra: 22.220.000 €. Voy a repetirla por si no queda claro el nivel de compromiso y la importancia de la cifra que asumimos en este acuerdo: 22.220.000 €.

*Pero os compromisos co novo CHUAC non parten de febreiro de 2021. Foi a candidata Inés Rey a primeira en expor a ampliación do hospital e do complexo hospitalario fronte ao seu traslado a outras localizacións que se barallaban por parte da Administración autonómica, algunhas incluso fose do termo municipal. Foi a primeira en falar do hospital espello que crecía a partir dun dos hospitais de referencia en España, do Hospital Universitario da Coruña, tendo sempre en mente que o primeiro paso para que unha construción sexa sostible é que non supoña a destrución do que xa existe e funciona con plena operatividade.*

Pero los compromisos con el nuevo CHUAC no parten de febrero de 2021. Fue la candidata Inés Rey la primera en plantear la ampliación del hospital y del complejo hospitalario frente a su traslado a otras ubicaciones que se barajaban por parte de la Administración autonómica, algunas incluso fuera del término municipal. Fue la primera en hablar del hospital espejo que crecía a partir de uno de los hospitales de referencia en España, del Hospital Universitario de A Coruña, teniendo siempre en mente que el primer paso para que una construcción sea sostenible es que no suponga la destrucción de lo que ya existe y funciona con plena operatividad.

*Exponse, por tanto, como unha medida sostible, debido a que supón o aproveitamento e renovación dunha infraestrutura existente fronte á insostibilidade da demolición dun equipamento perfectamente operativo e de novas ocupacións de chan. Unha medida coherente co noso plan, que sempre partiu da premisa de ampliar o complexo hospitalario existente e así se recolleu nos diferentes documentos.*

Se plantea, por tanto, como una medida sostenible, puesto que supone el aprovechamiento y renovación de una infraestructura existente frente a la insostenibilidad de la demolición de un equipamiento perfectamente operativo y de nuevas ocupaciones de suelo. Una medida coherente con nuestro planeamiento, que siempre partió de la premisa de ampliar el complejo hospitalario existente y así se recogió en los diferentes documentos.

*Foi a candidata Inés Rey e está a ser a alcaldesa Inés Rey a que impulsa desde o Concello da Coruña o proxecto, a que facilita a aprobación dun convenio que supón, como xa dixen, un forte investimento e un contundente apoio da Coruña ao complexo hospitalario e a que está a colaborar en todos e cada un dos pasos coa Xunta de Galicia para que o proxecto do novo CHUAC sexa unha realidade.*

Fue la candidata Inés Rey y está siendo la alcaldesa Inés Rey la que impulsa desde el Concello de A Coruña el proyecto, la que facilita la aprobación de un convenio que supone, como ya dije, una fuerte inversión y un contundente apoyo de A Coruña al complejo hospitalario y la que está colaborando en todos y cada uno de los pasos con la Xunta de Galicia para que el proyecto del nuevo CHUAC sea una realidad.

*Sei, señores do PP, que non lles gusta que se diga que é grazas á alcaldesa que os proxectos da cidade avanzan, pero a realidade é que o seu partido goberna*

Sé, señores del PP, que no les gusta que se diga que es gracias a la alcaldesa que los proyectos de la ciudad avanzan, pero la realidad es que su partido gobierna desde

*desde o ano 2009 en Galicia e o novo CHUAC quedou no vagón de cola do investimento autonómico ata este mandato, un dato obxectivo e medible, e por tanto dificilmente rebatible.*

el año 2009 en Galicia y el nuevo CHUAC quedó en el vagón de cola de la inversión autonómica hasta este mandato, un dato objetivo y medible, y por lo tanto difícilmente rebatible.

*Froito da colaboración entre os equipos técnicos do Concello e da Xunta de Galicia realizáronse melloras tamén que diminuíron significativamente o impacto dos accesos ao novo hospital sobre a súa contorna inmediata e sobre a ría do Burgo. Tamén se facilitou a procura dun ámbito no terreo municipal no que poder trasladar a aquelas familias que así o acorden dentro do futuro proceso de expropiación. Axilizouse a tramitación do cambio de uso de varias parcelas dotacionais no ámbito do EL8 UG de espazo libre de equipamento en Curramontes, un ámbito que a Xunta quere dedicar ao novo hospital de pacientes, e digo que se axilizou porque os tempos volven ser un claro indicativo do compromiso do Concello coa Xunta de Galicia e con este proxecto do novo CHUAC. O documento foi presentado pola Axencia Galega de Infraestruturas un 18 de agosto, 18 de agosto, informado favorablemente pola Oficina Técnica de Urbanismo e o xefe de servizo de Planeamento e Xestión o 25 de agosto, sete días máis tarde, e incorporado ao primeiro Pleno convocado no mes de setembro. Nin un mes entre que o documento entra no Concello e sae aprobado no Pleno. Oxalá todos os expedientes que están na Xunta de Galicia relativos a solicitudes do Concello da Coruña tardasen tan pouco.*

Fruto de la colaboración entre los equipos técnicos del Concello y de la Xunta de Galicia se realizaron mejoras también que disminuyeron significativamente el impacto de los accesos al nuevo hospital sobre su entorno inmediato y sobre la ría do Burgo. También se facilitó la búsqueda de un ámbito en el terreno municipal en el que poder trasladar a aquellas familias que así lo acuerden dentro del futuro proceso de expropiación. Se agilizó la tramitación del cambio de uso de varias parcelas dotacionales en el ámbito del EL8 UG de espacio libre de equipamiento en Curramontes, un ámbito que la Xunta quiere dedicar al nuevo hospital de pacientes, y digo que se agilizó porque los tiempos vuelven a ser un claro indicativo del compromiso del Concello con la Xunta de Galicia y con este proyecto del nuevo CHUAC. El documento fue presentado por la Axencia Galega de Infraestruturas un 18 de agosto, 18 de agosto, informado favorablemente por la Oficina Técnica de Urbanismo y el jefe de servicio de Planeamiento y Gestión el 25 de agosto, siete días más tarde, e incorporado al primer Pleno convocado en el mes de septiembre. Ni un mes entre que el documento entra en el Ayuntamiento y sale aprobado en el Pleno. Ojalá todos los expedientes que están en la Xunta de Galicia relativos a solicitudes del Concello de A Coruña tardasen tan poco.

*Establecemos no convenio compromisos claros de actuación e de financiamento, así como as cantidades que se achegarán en cada anualidade para cada fin. Estas anualidades recollen —como non podería ser doutro xeito— a*

Establecemos en el convenio compromisos claros de actuación y de financiación, así como las cantidades que se aportarán en cada anualidad para cada fin. Estas anualidades recogen —como no podría ser de otro modo— la cantidad que

*cantidade que se tiña orzada para 2022, como ben se sinalou na Comisión de Urbanismo. O Concello cumpre co seu compromiso e cunha Xunta que anunciou que tería aprobado o Plan de Interese Autonómico neste ano, e que a día de hoxe non o ten aprobado nin inicialmente.*

*Non busquen escusas neste concello e póñanse as pilas, señores do Partido Popular, señores da Xunta de Galicia, porque a realidade é que cando hoxe salgamos deste pleno, con este documento espero que aprobado, os coruñeses seguirán sen ver unha soa pa no novo CHUAC porque a Xunta non ten o plan de interese autonómico aprobado, non ten o proxecto de urbanización redactado e tampouco os expedientes urbanísticos relativos ao novo hospital de pacientes.*

*Xa non hai escusas, póñanse, por favor, a traballar. O Concello segue estando onde estivo desde 2019: apoiando o proxecto e dando todos os pasos necesarios para que se faga realidade.*

*Do mesmo xeito que destaquei en setembro, tamén cando trouxemos a este pleno a modificación do ámbito de Curramontes, quero tamén deixar claro e non quero deixar pasar a oportunidade de trasladar a mesma preocupación que xa se trasladou neste momento ao Pleno municipal. Os hospitais non son só continente, son tamén contido. Sen persoal o novo CHUAC parecerase perigosamente ao vello e a todos os centros sanitarios de Galicia. A situación da sanidade en Galicia é, como non nos cansamos de denunciar desde o PsdeG, absolutamente crítica e extraordinaria. En 13 anos do Partido Popular —volvo rescatar estes datos que xa demos no mes de setembro— perdéronse 969 profesionais sanitarios,*

se tenía presupuestada para 2022, como bien se señaló en la Comisión de Urbanismo. El Concello cumple con su compromiso y con una Xunta que anunció que tendría aprobado el Plan de Interés Autonómico en este año, y que a día de hoy no lo tiene aprobado ni inicialmente.

No busquen excusas en este concello y pónganse las pilas, señores del Partido Popular, señores de la Xunta de Galicia, porque la realidad es que cuando hoy salgamos de este pleno, con este documento espero que aprobado, los coruñeses seguirán sin ver una sola pala en el nuevo CHUAC porque la Xunta no tiene el plan de interés autonómico aprobado, no tiene el proyecto de urbanización redactado y tampoco los expedientes urbanísticos relativos al nuevo hospital de pacientes.

Ya no hay excusas, pónganse, por favor, a trabajar. El Concello sigue estando donde ha estado desde 2019: apoyando el proyecto y dando todos los pasos necesarios para que se haga realidad.

Del mismo modo que destaqué en septiembre, también cuando trajimos a este pleno la modificación del ámbito de Curramontes, quiero también dejar claro y no quiero dejar pasar la oportunidad de trasladar la misma preocupación que ya se trasladó en este momento al Pleno municipal. Los hospitales no son solo continente, son también contenido. Sin personal el nuevo CHUAC se parecerá peligrosamente al viejo y a todos los centros sanitarios de Galicia. La situación de la sanidad en Galicia es, como no nos cansamos de denunciar desde el PSdeG, absolutamente crítica y extraordinaria. En 13 años del Partido Popular —vuelvo a rescatar estos datos que ya dimos en el mes de septiembre— se perdieron 969 profesionales sanitarios, 75 al año; se pasó

*75 ao ano; pasouse de non ter listas de espera cun goberno socialista e unha consellería socialista na Xunta de Galicia a ter que esperar como mínimo 14 días para unha cita co teu médico de cabeceira e a ter que escoitar á nova xerente do Sergas, non?, dicir aquilo de que os galegos temos que afacernos a que non haxa pediatra en todos os centros de saúde e a que o médico de cabeceira non che poida atender no mesmo día. Manda truco. Afacernos á miseria, en definitiva.*

*Por tanto, insistir por parte do Goberno de Inés Rey, en que se dará toda a colaboración e todo o apoio, como ata o de agora, á Xunta de Galicia para o impulso ao novo CHUAC; toda a colaboración e todo o apoio que se traducen nunha cantidade que vou volver repetir: 22.220.000 €. Todo o noso traballo para conseguir xa un mellor e maior hospital para A Coruña, pero tamén avisamos: estaremos atentos, ocupados e preocupados para que este importante investimento no novo CHUAC se acompañe de persoal suficiente para poder xestionar a nova capacidade proxectada e non se amplíe o complexo hospitalario para manter unha cociente de persoal que xa a día de hoxe é insuficiente.*

*O Hospital da Coruña é o símbolo e o buque insignia da sanidade pública de Galicia, é un referente na sanidade española dentro e fóra do noso país, merece todo o noso interese e toda a nosa colaboración. Non hai un minuto que perder.*

*Grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz.

de no tener listas de espera con un gobierno socialista y una consellería socialista en la Xunta de Galicia a tener que esperar como mínimo 14 días para una cita con tu médico de cabecera y a tener que escuchar a la nueva gerente del Sergas, ¿no?, decir aquello de que los gallegos tenemos que acostumbrarnos a que no haya pediatra en todos los centros de salud y a que el médico de cabecera no te pueda atender en el mismo día. Manda narices. Acostumbrarnos a la miseria, en definitiva.

Por tanto, insistir por parte del Gobierno de Inés Rey, en que se dará toda la colaboración y todo el apoyo, como hasta ahora, a la Xunta de Galicia para el impulso al nuevo CHUAC; toda la colaboración y todo el apoyo que se traducen en una cantidad que voy a volver a repetir: 22.220.000 €. Todo nuestro trabajo para conseguir ya un mejor y mayor hospital para A Coruña, pero también avisamos: estaremos atentos, ocupados y preocupados para que esta importante inversión en el nuevo CHUAC se acompañe de personal suficiente para poder gestionar la nueva capacidad proyectada y no se amplíe el complejo hospitalario para mantener una ratio de personal que ya a día de hoy es insuficiente.

El Hospital de A Coruña es el símbolo y el buque insignia de la sanidad pública de Galicia, es un referente en la sanidad española dentro y fuera de nuestro país, merece todo nuestro interés y toda nuestra colaboración. No hay un minuto que perder.

Gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Díaz.*

Comezamos o turno de debate. Unha única quenda... Por favor, por favor.

*Comenzamos el turno de debate. Un único turno... Por favor, por favor.*

Por favor, entendo que están aquí como afectados, atendendo ó debate e de verdade que non hai ningún problema, pero si lles pediría que manteñan as formas na tribuna de convidados, non xesticulen, non se poñan de pé, para non entorpecer o debate que se está a efectuar neste pleno.

*Por favor, entiendo que están aquí como afectados, atendiendo al debate y de verdad que no hay ningún problema, pero sí les pediría que mantengan las formas en la tribuna de invitados, no gesticulen, no se pongan de pie, para no entorpecer el debate que se está efectuando en este pleno.*

Ten a palabra a señora Soneira. Cinco minutos.

*Tiene la palabra a señora Soneira. Cinco minutos.*

**Señora Soneira Lema**

***Señora Soneira Lema***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Ben, neste convenio se comprometen importes de inversión moi importantes, como son 12 millóns para a adquisición de terreos, 10,22 para a execución das obras de accesos e conexións viarias ó novo hospital.

*Bien, en este convenio se comprometen importes de inversión muy importantes, como son 12 millones para la adquisición de terrenos, 10,22 para la ejecución de las obras de accesos y conexiones viarias al nuevo hospital.*

Lendo o informe de Intervención, que é favorable desde un punto de vista formal, pero advierte de dúas salvedades, que ademais veñen moi ben explicadas no citado informe, que son a falta de valoración de impacto nos orzamentos futuros e do cumprimento das regras fiscales, non dando a completa conformidade ó expediente, por eso que desto me xurxen dudas sobre o beneficio que supón e me pregunto, por que o Concello ten participar nunha inversión cuia infraestrutura depende da Xunta de Galicia? E se participa, pode o Concello garantir a sostenibilidade da facenda municipal nos orzamentos dos seguintes tres anos?

*Leyendo el informe de Intervención, que es favorable desde un punto de vista formal, pero advierte de dos salvedades, que además vienen muy bien explicadas en el citado informe, que son la falta de valoración de impacto en los presupuestos futuros y del cumplimiento de las reglas fiscales, no dando la completa conformidad al expediente, por eso que de esto me surgen dudas sobre el beneficio que supone y me pregunto ¿por qué el Ayuntamiento tiene participar en una inversión cuya infraestructura depende de la Xunta de Galicia? Y si participa, ¿puede el Ayuntamiento garantizar la sostenibilidad de la hacienda municipal en los presupuestos de los siguientes tres años?*

Me gustaría que o Goberno local respondera claramente a estas cuestións porque son moitos cartos cos que se

*Me gustaría que el Gobierno respondiera claramente a estas cuestiones porque es mucho dinero con el que se podrían hacer*

poderían facer moitísimas cousas en infraestruturas do propio Concello en beneficio dos veciños e veciñas desta cidade, por suposto, para o Concello con esos cartos que se van invertir neste proxecto autonómico.

*muchísimas cosas en infraestructuras del propio Ayuntamiento en beneficio de los vecinos y vecinas de esta ciudad, por supuesto, para el Ayuntamiento con ese dinero que se va a invertir en este proyecto autonómico.*

Por tanto, a miña decisión vai a ser absterme.

*Por tanto, mi decisión va a ser abstenerme.*

Moitísimas grazas, señora alcaldesa.

*Muchísimas gracias, señora alcaldesa.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas, señora Soneira.

*Gracias, señora Soneira.*

Turno para a señora Faraldo.

*Turno para la señora Faraldo.*

**Señora Faraldo Calvo**

***Señora Faraldo Calvo***

Moitas grazas, señora alcaldesa.

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

Saudar primeiramente a Plataforma de Afectados do CHUAC, a veciñanza do barrio e os profesionais do Hospital presentes hoxe neste pleno. Grazas polo seu exemplo, pola súa loita e por non tirar a toalla. Grazas por seguir cun hilo condutor que nos une que é defender a calidade na sanidade pública.

*Saludar primeramente a la Plataforma de Afectados del CHUAC, al vecindario del barrio y a los profesionales del Hospital presentes hoy en este pleno. Gracias por su ejemplo, por su lucha y por no tirar la toalla. Gracias por seguir con un hilo conductor que nos une que es defender la calidad en la sanidad pública.*

Vén hoxe a este pleno extraordinario a aprobación do convenio entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para a tramitación e formalización da cesión de terreos para a ampliación do CHUAC así como os viales precisos para acceder ó mesmo. Non deixarei de aproveitar cada circunstancia, cada espazo, cada rincón, para plantexar a necesidade de repensar unha obra que estou segura non vai a estar á altura da cidade e da súa contorna, perdendo unha oportunidade de ouro tras o investimento de máis de 400 millóns que xa están nestes intres a alcanzar os 500 millóns.

*Viene hoy a este pleno extraordinario la aprobación del convenio entre la Xunta de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña para la tramitación y formalización de la cesión de terrenos para la ampliación del CHUAC así como los viales precisos para acceder al mismo. No dejaré de aprovechar cada circunstancia, cada espacio, cada rincón, para plantear la necesidad de repensar una obra que estoy segura no va a estar a la altura de la ciudad y de su entorno, perdiendo una oportunidad de oro tras la inversión de más de 400 millones que ya están en estos momentos alcanzando los 500 millones.*

Tamén me vexo na obriga cada vez que

*También me veo en el deber cada vez que*

se trata este tema de ter que explicar que non estamos en contra da necesaria e xa urxente ampliación do hospital, todo o contrario. Defendemos precisamente que esta cidade vai a perder un tren sen retorno de facer un hospital, se xa non nunha ubicación mellor que a actual, si polo menos nunha orientación máis idónea que non é, nin moito menos, a elexida. É dicir, novo hospital si, pero non así.

*se trata este tema de tener que explicar que no estamos en contra de la necesaria y ya urgente ampliación del hospital, todo lo contrario. Defendemos precisamente que esta ciudad va a perder un tren sin retorno de hacer un hospital, si ya no en una ubicación mejor que la actual, sí por lo menos en una orientación más idónea que no es, ni mucho menos, la elegida. Es decir, nuevo hospital sí, pero no así.*

**Ás trece horas e vinte e un minutos sae do Salón de Sesións o señor Lage Tuñas.**

***A las trece horas y 114einteiún minutos sale del Salón de Sesiones el señor Lage Tuñas.***

O encarecemento pola adecuación que vai exixir a mala accesibilidade do hospital actual e que tras pingües investimentos non vai a lograr grandes melloras, para ademais finalmente acadar un hospital bunkerizado en si mesmo pola pouca posibilidade de expansión, fai desta obra, insisto, unha oportunidade malgastada que vai ademais a xerar moito sufrimento na convivencia durante anos das obras coas dinámicas propias dun recinto hospitalario. Seguir trepanando unha ladeira coa altura e inclinación como sobre a que está ubicado o hospital e seguir intentando que creza precisamente pola parte de maior inclinación, máis rocosa e menos luminosa, non deixa de ser un pesadelo para as que desexamos un hospital mellor que o actual, onde as ampliacións dos últimos anos xa foron unha desfeita, con edificios pegados entre si, por onde non entra nin un raio de sol, ubicados sobre pendentes de enormes dificultades para acceder na situación que se accede a un hospital, as urxencias hospitalarias, con problemas engadidos nos accesos para ambulancias, coches particulares, autobuses e xa nin que dicir, coches de bombeiros.

*El encarecimiento por la adecuación que va a exigir la mala accesibilidad del hospital actual y que tras pingües inversiones no va a lograr grandes mejoras, para además finalmente conseguir un hospital bunkerizado en sí mismo por la poca posibilidad de expansión, hace de esta obra, insisto, una oportunidad malgastada que va además a generar mucho sufrimiento en la convivencia durante años de las obras con las dinámicas propias de un recinto hospitalario. Seguir trepanando una ladera con la altura e inclinación como sobre la que está ubicado el hospital y seguir intentando que crezca precisamente por la parte de mayor inclinación, más rocosa y menos luminosa, no deja de ser una pesadilla para las que deseamos un hospital mejor que el actual, donde las ampliaciones de los últimos años ya fueron un destrozo, con edificios pegados entre sí, por donde no entra ni un rayo de sol, ubicados sobre pendientes de enormes dificultades para acceder en la situación que se accede a un hospital, las urgencias hospitalarias, con problemas añadidos en los accesos para ambulancias, coches particulares, autobuses y ya ni que decir, coches de bomberos.*

Neste momento, de non haber volta atrás, unha vía de salida sería a lo menos exixir a ampliación hacia a avenida Lamadosa, zona máis cha, lisa, luminosa e menos rocosa, pero increíblemente esto está descartado pola Xunta e o Concello non é capaz a través do seu goberno das mínimas exixencias. Por eso, non deixarei de aproveitar cada oportunidade para pedir repensar con miras amplas a ampliación do novo hospital.

*En este momento, de no haber vuelta atrás, una vía de salida sería por lo menos exigir la ampliación hacia la avenida Lamadosa, zona más llana, lisa, luminosa y menos rocosa, pero increíblemente esto está descartado por la Xunta y el Ayuntamiento no es capaz a través de su gobierno de las mínimas exigencias. Por eso, no dejaré de aprovechar cada oportunidad para pedir repensar con miras amplias la ampliación del nuevo hospital.*

Só pensar que para a pasarela había a lo menos dúas propostas, e para algo tan importante como é un hospital non hai máis que un cutre proxecto —permítaseme a expresión— que dice moi pouco da futura calidade deste catastrófico proxecto.

*Solo pensar que para la pasarela había por lo menos dos propuestas, y para algo tan importante como es un hospital no hay más que un cutre proyecto —permítaseme la expresión— que dice muy poco de la futura calidad de este catastrófico proyecto.*

Por eso seguiré votando en contra ante convenios que ás prisas e con calzador nos venden un hospital cando sabemos —ós feitos nos remitimos— que vai a resultar outro moi distinto.

*Por eso seguiré votando en contra ante convenios que aprisa y con calzador nos venden un hospital cuando sabemos —a los hechos nos remitimos— que va a resultar otro muy distinto.*

Non é un espello, señor Díaz, é un espellismo.

*No es un espejo, señor Díaz, es un espejismo.*

Quero acabar, ademais, coa sentencia dunha persoa que está hoxe neste pleno, na tribuna do público, médica do hospital, unha frase que pode parecer simple a primeira vista, pero que ten máis contundencia do que parece: van a empufar a sanidade pública da cidade.

*Quiero acabar, además, con la sentencia de una persona que está hoy en este pleno, en la tribuna del público, médica del hospital, una frase que puede parecer simple a primera vista, pero que tiene más contundencia de lo que parece: van a empufar la sanidad pública de la ciudad.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para o BNG, señora Veira.

*Turno para el BNG, señora Veira.*

**Señora Veira González**

***Señora Veira González***

Moitas grazas, señora alcaldesa. Moi bo día compañeiros e compañeiras da Corporación, persoal municipal que nos acompaña, xornalistas que dan conta da sesión plenaria, cidadás e cidadáns da Coruña que nos seguen en directo, ben polo sinal de internet ou neste salón de plenos. Un saúdo moi agarimoso á Plataforma de Afectadas polo CHUAC e á veciñanza de Eirís.

Hoxe tráese a Pleno a proposta de convenio de colaboración coa Xunta de Galiza para a tramitación e formalización da obtención de terreos necesarios para a execución das obras do novo CHUAC e para a execución dos accesos desde a rede viaria de alta capacidade.

En primeiro lugar gustaríame determe, aínda que sexa pouco tempo, na maneira en que este asunto se trae a pleno. Vía de urxencia, de novo, do mesmo xeito que se fixo co convenio marco, onte convocouse unha comisión as 10:49 para que tivese lugar ás 12:30 da mesma mañá sen aviso previo, nin sequera un mísero wasap do concelleiro para que estivésemos sobre aviso. Se da outra vez tivemos 15 horas para estudar a documentación e ditaminar o convenio marco do novo CHUAC, desta volta tivemos unha hora e corenta minutos, creo que teñen vostedes o récord. Ese é o tempo que houbo onte, entre o envío da documentación e o momento de ditaminar o asunto para que viñese a pleno, non de toda a documentación, houbo documentación que chegou despois da Comisión, en concreto o informe do interventor, que non é —como diría o outro— pataca miúda, que di cousas bastante contundentes.

En fin, calquera diría que queren que este tema tan fundamental para a cidade pase de tapadillo, meténdoo con calzador nun

*Muchas gracias, señora alcaldesa. Muy buenos días compañeros y compañeras de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, periodistas que dan cuenta de la sesión plenaria, ciudadanas y ciudadanos de A Coruña que nos siguen en directo, bien por la señal de internet o en este salón de plenos. Un saludo muy cariñoso a la Plataforma de Afectadas por el CHUAC y al vecindario de Eirís.*

*Hoy se trae a Pleno la propuesta de convenio de colaboración con la Xunta de Galicia para la tramitación y formalización de la obtención de terrenos necesarios para la ejecución de las obras del nuevo CHUAC y para la ejecución de los accesos desde la red viaria de alta capacidad.*

*En primer lugar me gustaría detenerme, aunque sea poco tiempo, en la manera en que este asunto se trae a pleno. Vía de urgencia, de nuevo, al igual que se hizo con el convenio marco, ayer se convocó una comisión las 10:49 para que tuviera lugar a las 12:30 de la misma mañana sin preaviso, ni siquiera un mísero wasap del concejal para que estuviéramos sobre aviso. Si de la otra vez tuvimos 15 horas para estudiar la documentación y dictaminar el convenio marco del nuevo CHUAC, en esta ocasión tuvimos una hora y cuarenta minutos, creo que tienen ustedes el récord. Ese es el tiempo que hubo ayer, entre el envío de la documentación y el momento de dictaminar el asunto para que viniera a pleno, no de toda la documentación, hubo documentación que llegó después de la Comisión, en concreto el informe del interventor, que no es —cómo diría el otro— patata menuda, que dice cosas bastante contundentes.*

*En fin, cualquiera diría que quieren que este tema tan fundamental para la ciudad pase de tapadillo, metiéndolo con*

pleno que estaba previsto que fose sobre cuestións económicas. Conste, pois, o noso desacordo con esta convocatoria extraordinaria, sobre todo tendo en conta que estes compromisos xa se sabía que o Concello da Coruña os tería que asumir e podería ir este asunto... que sei eu, nun pleno ordinario, no Pleno ordinario anterior ó que non trouxeron os asuntos de Goberno dunha certa entidade, ou ó Pleno ordinario de xaneiro porque digo eu que a operación de crédito que vai ter que subscribir o Concello da Coruña para facer realidade este convenio, non vai producirse en 2022, nin van ter listo un modificativo para incluír este investimento nos orzamentos, no que só figura unha partida de 50.000 € e é no Anexo de subvencións nominativas.

*calzador en un pleno que estaba previsto que fuera sobre cuestiones económicas. Conste, pues, nuestro desacuerdo con esta convocatoria extraordinaria, sobre todo teniendo en cuenta que estos compromisos ya se sabía que el Ayuntamiento de A Coruña los tendría que asumir y podría ir este asunto... que sé yo, en un pleno ordinario, en el Pleno ordinario anterior al que no trajeron los asuntos de Gobierno de una cierta entidad, o al Pleno ordinario de enero porque digo yo que la operación de crédito que va a tener que suscribir el Ayuntamiento de A Coruña para hacer realidad este convenio, no se va a producir en 2022, ni van a tener listo un modificativo para incluir esta inversión en los presupuestos, en el que solo figura una partida de 50.000 € y es en el Anexo de subvenciones nominativas.*

En fin, esta é unha historia máis do actual Goberno local co novo CHUAC, que hai que lembrar, hai que facer un pouco de memoria, comezando con que o Goberno local se negou a que o hospital medrase cara a onde propoñía a Xunta de Galiza para logo desdicirse e aceptar a proposta da Xunta de Galiza. Vostedes propoñían que medrase cara ó aparcadoiro, ó final aceptaron a proposta da Xunta de Galiza e ningunha explicación lle deron á veciñanza.

*En fin, esta es una historia más del actual Gobierno local con el nuevo CHUAC, que hay que recordar, hay que hacer un poco de memoria, comenzando con que el Gobierno local se negó la que el hospital creciera hacia donde proponía la Xunta de Galicia para luego desdecirse y aceptar la propuesta de la Xunta de Galicia. Ustedes proponían que creciera hacia el aparcamiento, al final aceptaron la propuesta de la Xunta de Galicia y ninguna explicación le dieron al vecindario.*

O Goberno local actual, tamén este que non se modificou segundo o señor Lage, pois aceptou ou, perdón, denunciou que o convenio que propoñía a Xunta de Galiza rozaba a ilegalidade. Iso dixo o Goberno local para logo —e con informes, eh? con informes que se fixeron públicos— para logo aceptalo exactamente coas mesmas condicións. En fin...

*El Gobierno local actual, también este que no se modificó según el señor Lage, pues aceptó o, perdón, denunció que el convenio que proponía la Xunta de Galicia rozaba la ilegalidad. Eso dijo el Gobierno local para luego —y con informes, ¿eh? Con informes que se hicieron públicos— para luego aceptarlo exactamente con las mismas condiciones. En fin...*

O convenio seica ten como finalidade dar unha mellor resposta ós problemas

*En todo caso, bo, insistir no mesmo que levamos insistindo todo este tempo. O Concello da Coruña defendeu sempre, sempre se defendeu desde este goberno local a ampliación do novo CHUAC e que o CHUAC continuase na súa localización e que non se fose do termo municipal como pretendía inicialmente a Xunta de Galicia. Estivo sempre da man da Xunta para poder desenvolver o novo hospital. Traballouse, tanto nos convenios como nos proxectos, houbo numerosas reunións para avanzar nos proxectos que afectan os accesos, cedeuse a parcela precisamente para o INIBIC que falaba antes a señora Veira. Avanzouse en todo o que está na nosa man ata o punto de, iso, incluír unha achega de 22 millóns de euros, 22 millóns de euros.*

En todo caso, bueno, insistir en lo mismo que llevamos insistiendo todo este tiempo. El Concello de A Coruña defendió siempre, siempre se defendió desde este gobierno local la ampliación del nuevo CHUAC y que el CHUAC continuase en su ubicación y que no se fuese del término municipal como pretendía inicialmente la Xunta de Galicia. Estuvo siempre de la mano de la Xunta para poder desarrollar el nuevo hospital. Se trabajó, tanto en los convenios como en los proyectos, hubo numerosas reuniones para avanzar en los proyectos que afectan a los accesos, se cedió la parcela precisamente para el INIBIC que hablaba antes la señora Veira. Se avanzó en todo lo que está en nuestra mano hasta el punto de, eso, incluir una aportación de 22 millones de euros, 22 millones de euros.

*22 millóns de euros, por certo, señora Veira, que tamén se cuestiona que os poña o Concello para unha infraestrutura sanitaria, como xa lle dixen no mes de setembro, se cadra ten que preguntarlle ao señor Lores, alcalde do Bloque Nacionalista Galego, por que o fai o propio para o hospital de Pontevedra achegando, se non me equivoco, 4 millóns de euros para o novo Montecelo. Entón, bo, se cadra temos que ser todos coherentes, tanto cando gobernamos como onde non gobernamos.*

22 millones de euros, por cierto, señora Veira, que también si cuestiona que los ponga el Ayuntamiento para una infraestructura sanitaria, como ya le dije en el mes de septiembre, a lo mejor tiene que preguntarle al señor Lores, alcalde del Bloque Nacionalista Galego, por qué lo hace lo propio para el hospital de Pontevedra aportando, si no me equivoco, 4 millones de euros para el nuevo Montecelo. Entonces, bueno, a lo mejor tenemos que ser todos coherentes, tanto cuando gobernamos como donde no gobernamos.

*A aposta, como digo, do Concello da Coruña, do Goberno local, deste goberno local de Inés Rey co novo CHUAC é total. Demostrámolo hoxe aquí traendo este convenio que vai permitir continuar con este proxecto e entón o que pedimos é por parte da Xunta de Galicia que non se poñan máis escusas. Xa estamos no sitio onde querían. Póñanse a traballar, señores do Partido Popular, díganlle á xente da Xunta de Galicia que acabe os seus proxectos e que avance nas tramitacións que dependen exclusivamente da Xunta de Galicia e poderemos ter nun horizonte próximo, no horizonte que nos marcamos entre todos, unha infraestrutura sanitaria na cidade á altura da que merece Coruña, que quedou no vagón de cola de todas as cidades de Galicia, é a última en ter un novo hospital e iso non é culpa deste goberno municipal nin de Pedro Sánchez, nin de Ucraína, imaxino, nin de ninguén. É culpa do Partido Popular porque, efectivamente, como di o señor Lorenzo, temos un problema coa sanidade, si. É que ese problema chamábase Alberto Núñez Feijóo e agora chámase Alfonso Rueda. Entón, ata que consigamos gañar na Xunta de Galicia para evitar esta política nefasta sanitaria do Partido Popular, o problema vai seguir existindo.*

*Por outra banda, bo, mostrar desde logo o agradecemento aos grupos que van apoiar este convenio co que pretendemos, obviamente, desbloquear e avanzar neste proxecto tan importante para a cidade da Coruña e desexarvos a todos un feliz ano aproveitando que é a miña última intervención.*

*Grazas.*

**Presidencia**

La apuesta, como digo, del Concello de A Coruña, del Gobierno local, de este gobierno local de Inés Rey con el nuevo CHUAC es total. Lo demostramos hoy aquí trayendo este convenio que va a permitir continuar con este proyecto y entonces lo que pedimos es por parte de la Xunta de Galicia que no se pongan más excusas. Ya estamos en el sitio donde querían. Pónganse a trabajar, señores del Partido Popular, díganle a la gente de la Xunta de Galicia que acabe sus proyectos y que avance en las tramitaciones que dependen exclusivamente de la Xunta de Galicia y podremos tener en un horizonte cercano, en el horizonte que nos marcamos entre todos, una infraestructura sanitaria en la ciudad a la altura de la que merece Coruña, que quedó en el vagón de cola de todas las ciudades de Galicia, es la última en tener un nuevo hospital y eso no es culpa de este gobierno municipal ni de Pedro Sánchez, ni de Ucrania, imagino, ni de nadie. Es culpa del Partido popular porque, efectivamente, como dice el señor Lorenzo, tenemos un problema con la sanidad, sí. Es que ese problema se llamaba Alberto Núñez Feijóo y ahora se llama Alfonso Rueda. Entonces, hasta que consigamos ganar en la Xunta de Galicia para evitar esta política nefasta sanitaria del Partido Popular, el problema va a seguir existiendo.

Por otra parte, bueno, mostrar desde luego el agradecimiento a los grupos que van a apoyar este convenio con el que pretendemos, obviamente, desbloquear y avanzar en este proyecto tan importante para la ciudad de A Coruña y desearos a todos un feliz año aprovechando que es mi última intervención.

Gracias.

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Díaz.

Procedemos á votación deste último asunto número seis.

**Votación do asunto número seis**

Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación o asunto número seis referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PsdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 abstencións).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Vota en contra a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

**Presidencia**

Moitas grazas.

Queda aprobado este asunto seis.

**Acordo**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o texto do "CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO

*Muchas gracias, señor Díaz.*

*Procedemos a la votación de este último asunto número seis.*

***Votación del asunto número seis***

*Seguidamente, por la Presidencia se somete a votación el asunto número seis referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PsdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 abstenciones).*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).*

*Vota en contra la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

*Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Queda aprobado este asunto seis.*

***Acuerdo***

***PRIMERO.-*** *Aprobar el texto del "CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO*

HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA CAPACIDADE", que se xunta como anexo a este acordo (CSV núm. 610T621F122Y6A5I0MRP), existindo crédito orzamentario no vixente exercicio económico por importe de 50.000 euros co Código de Proxecto 2022/4/30/003; quedando, de acordo coa literalidade do art. 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que foi aprobado o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a realización dos gastos dos exercicios futuros subordinado ao crédito que para cada exercicio futuro autoricen os respectivos presupostos.

Atendendo ao carácter excepcional, polo indudable interese público que representan as actuacións previstas no convenio, de conformidade co art. 174.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que foi aprobado o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación aos compromisos e gastos de exercicios futuros comprometidos no convenio, o Pleno acorda que se eleven as porcentaxes aos que se refire o dito artigo, de acordo cos compromisos asumidos no convenio para cada anualidade futura.

**SEGUNDO.-** Declarar que o texto do dito convenio non limita a competencia efectiva dos mercados, para os efectos previstos no art. 59.1.c) do RDLey 36/2020, do 30 de decembro, polo que foron aprobadas medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**TERCEIRO.-** Facultar expresamente á

*HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA CAPACIDADE", que se adjunta como anexo a este acuerdo (CSV núm. 610T621F122Y6A5I0MRP), existiendo crédito presupuestario en el vigente ejercicio económico por importe de 50.000 euros con el Código de Proyecto 2022/4/30/003; quedando, de acuerdo con la literalidad del art. 174.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que fue aprobado el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, la realización de los gastos de los ejercicios futuros subordinado al crédito que para cada ejercicio futuro autoricen los respectivos presupuestos.*

*Atendiendo al carácter excepcional, por el indudable interés público que representan las actuaciones previstas en el convenio, de conformidad con el art. 174.5 del Real Decreto Legislativo 2/2004, por el que fue aprobado el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en relación a los compromisos y gastos de ejercicios futuros comprometidos en el convenio, el Pleno acuerda que se eleven los porcentajes a los que se refiere dicho artículo, de acuerdo con los compromisos asumidos en el convenio para cada anualidad futura.*

***SEGUNDO.-** Declarar que el texto de dicho convenio no limita la competencia efectiva de los mercados, a los efectos previstos en el art. 59.1.c) del RDLey 36/2020, de 30 de diciembre , por el que fueron aprobadas medidas urgentes para la modernización de la Administración Pública y para la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.*

***TERCERO.-** Facultar expresamente a la*

Alcaldía, tan amplamente como en legal forma sexa posible, para a sinatura do Convenio e para realizar todos os actos, trámites e xestións que sexan precisos para os efectos de acadar o cumprimento dos fins e obxectivos do dito Convenio.

*Alcaldía, tan ampliamente como en legal forma sea posible, para la firma del Convenio y para realizar todos los actos, trámites y gestiones que sean precisos a los efectos de alcanzar el cumplimiento de los fines y objetivos de dicho Convenio.*

**CUARTO.-** Remitir testemuño deste acordo á Consellería de Sanidade, ao Servizo Galego de Saúde e á Axencia Galega de Infraestruturas, da Xunta de Galicia.

***CUARTO.-*** *Remitir testimonio de este acuerdo a la Consellería de Sanidad, al Servicio Gallego de Salud y a la Agencia Gallega de Infraestructuras, de la Xunta de Galicia.*

**Presidencia**

Remata aquí o derradeiro pleno deste ano 2022. Aproveito para unirme ós bos desexos dos concelleiros e concelleiras, desexarlles a todos un feliz ano novo 2023, con moita saúde, que sexan felices e que teñan moito amor e forzas para o vindeiro ano.

Moitas grazas, moi bo día.

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás trece horas e cincuenta e cinco minutos, a Presidencia remata a sesión, e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

***Presidencia***

*Finaliza aquí el último pleno de este año 2022. Aprovecho para unirme a los buenos deseos de los concejales y concejalas, desearles a todos un feliz año nuevo 2023, con mucha salud, que sean felices y que tengan mucho amor y fuerzas para el próximo año.*

*Muchas gracias, muy buenos días.*

*No habiendo más asuntos que tratar, a las trece horas y cincuenta y cinco minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.*

**ANEXO DOCUMENTO CSV núm. 610T621F122Y6A5I0MRP**

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

XUNTA DE GALICIA

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

**CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A TRAMITACIÓN E FORMALIZACIÓN DA OBTENCIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO NOVO HOSPITAL DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA E PARA A EXECUCIÓN DOS ACCESOS DENDE A REDE VIARIA DE ALTA CAPACIDADE**

Na Coruña, a ... de … de ………

**R E U N I D O S**

Dº Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 136/2019 e 137/2019, de 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Dª Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no artigo 9.a) dos Estatutos da axencia, aprobados por Decreto 173/2011, do 4 de agosto.

Dª Inés Rey García, actuando en nome e representación do Concello da Coruña, en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e en execución do acordo do pleno do Concello da Coruña de 27 de xaneiro de 2021.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio marco, e para iso,

**E X P O Ñ E N :**

**PRIMEIRO.**

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, fíxose notoria a necesidade da construción dun novo Hospital no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Para a consecución desta actuación, o Servizo Galego de Saúde traballou na avaliación das necesidades asistencias, dos recursos existentes e das melloras que é preciso introducir para acadar un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura da poboación da Área Sanitaria da Coruña.

Co fin de dar solución a estas necesidades, o 30 de decembro de 2020 foi anunciada a licitación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da contratación dos servizos de redacción do documento para a tramitación urbanística, anteproxecto, proxecto básico, de execución, de expropiación por taxación conxunta, dirección facultativa da obra e control e vixilancia do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

O contrato foi formalizado o 1 de outubro de 2021, atopándose o mesmo en fase de execución.

**SEGUNDO.**

Que o 1 de febreiro de 2021 asinouse o  Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña polo que se establecen as bases para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña.

**TERCEIRO.**

Que entre os compromisos asumidos no referido convenio marco constan os seguintes:

Por parte do Servizo Galego de Saúde, o compromiso de obter os terreos necesarios para proceder á execución das actuacións derivadas do Proxecto de Interese Autonómico, así como de licitar, adxudicar e executar tanto as obras do novo hospital coma as obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Por parte do Concello, os compromisos de financiar, individualmente ou en colaboración con outras entidades públicas, tanto a adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario coma a execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de interese autonómico así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital, co límite máximo da achega municipal que se contempla no convenio marco asinado o 1 de febreiro de 2021.

Pola súa parte, a Axencia Galega de Infraestruturas asumía o compromiso de coordinar a execución das distintas actuacións previstas no referido convenio marco.

**CUARTO.**

Que o convenio marco establecía, na súa cláusula oitava, o seguinte:

"*A execución das actuacións previstas neste convenio marco requirirá a subscrición de convenios específicos de desenvolvemento, que se tramitarán segundo a súa normativa aplicable.*

*En todo caso, para a tramitación e formalización das aportacións económicas das Administracións asinantes, tendo en conta o Anexo que se xunta relativo á estimación económica das actuacións previstas para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario universitario da Coruña e, unha vez coñecidos con exactitude os custos das actuacións previstas no presente Convenio Marco, procederase a subscribir o convenio ou convenios correspondentes de acordo coa lexislación vixente na materia que comprenderá as obrigas que financeiramente deban asumir as respectivas Administracións e as súas contraprestacións".*

Neste contexto, tendo en conta os obxectivos fixados no convenio marco de colaboración asinado o 1 de febreiro de 2021, os compromisos expresados nos parágrafos anteriores e o interese público inherente á construción dun novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña que permita dar unha mellor resposta aos problemas de saúde pública, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, ao tempo que garanta un nivel de calidade óptimo na atención sanitaria actual e futura da poboación da Área Sanitaria da Coruña, constitúe a vontade das partes intervenientes subscribir un convenio co fin de adquirir os terreos necesarios para a execución do novo recinto hospitalario e os seus accesos así como para a realización dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de interese autonómico así como do viario



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital, de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto do presente convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Coruña, para levar a cabo as seguintes actuacións, de resultados compartidos e coa finalidade de facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos:

- A adquisición dos terreos necesarios para a materialización do novo recinto hospitalario.
- A execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade que se definan no Proxecto de Interese Autonómico, así como do viario de servizo do recinto hospitalario, que en ambos casos tamén darán servizo ás áreas urbanizadas da contorna do hospital.

As actuacións obxecto do convenio tramitaranse de acordo coa figura do Proxecto de Interese Autonómico establecido pola Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia, ou ben, de ser o caso, pola Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e do seu regulamento, aprobado por Decreto da Xunta de Galicia nº 66/2016, do 26 de maio.

**SEGUNDA. CUSTO ESTIMADO DAS ACTUACIÓNS**

Son obxecto de financiamento o custo de adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

Así mesmo, tamén son obxecto de financiación os contratos de obra e os contratos de asistencia técnica para a execución das obras dos accesos e conexións viarias ao novo hospital. Neste custo está incluído o custo das obras obxecto deste convenio incrementado nun 6% en concepto de asistencias técnicas á execución da obra.

O custo total estimado das actuacións obxecto deste convenio é de vinte e dous millóns douscentos vinte mil euros ( 22.220.000,00 €).

O custo desagregado por actuación, segundo se detalla no ANEXO I, é o seguinte:



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| ACTUACIÓN | Custo estimado (€) |
|---|---|
| **Adquisición de terreos novo hospital e accesos** | **12.000.000,00 €** |
| **Execución das obras de urbanización e infraestruturas necesarias para os accesos e conexións viarias ao novo hospital** | **10.220.000,00 €** |

**TERCEIRA. ACTUACIÓN RELATIVA Á ADQUISICIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA A CONSTRUCIÓN DO NOVO RECINTO HOSPITALARIO NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA, ASÍ COMO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS NECESARIAS PARA REALIZAR OS ACCESOS E CONEXIÓNS VIARIAS AO NOVO HOSPITAL**

**A) Obxecto da actuación**

Constitúe o obxecto desta actuación a definición dos compromisos asumidos por cada unha das partes intervenientes neste convenio na adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.

**B) Procedemento para a obtención dos terreos**

Os terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, serán adquiridos mediante o procedemento de expropiación forzosa, consonte ao establecido na normativa vixente en materia de expropiación forzosa.

O procedemento de expropiación forzosa tramitarase pola consellería competente por razón da materia á que se refire o proxecto de interese autonómico ou o proxecto de estradas. O xustiprezo dos bens e dereitos expropiados fixarase mediante o expediente individualizado ou polo procedemento de taxación conxunta, tendo preferencia o de taxación conxunta, agás que de forma motivada non poida ser empregado. A valoración dos bens e dereitos axustarase aos criterios establecidos ao respecto na lexislación vixente aplicable. Para os efectos da determinación do prezo xusto daráselle traslado ao Concello da Coruña para os efectos das achegas e suxestións correspondentes.

**C) Réxime económico aplicable á obtención dos terreos necesarios**



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A510MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

O custo total estimado da adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, segundo se detalla na táboa do ANEXO I deste convenio, é de 12.000.000,00 €.

Consonte ao disposto na cláusula 4.9 en relación coa cláusula 2.4 do Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña, polo que se establecen as bases para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario Universitario da Coruña asinado o 1 de febreiro de 2021, o Concello da Coruña asumirá o custo da adquisición dos terreos que derive do procedemento de expropiación, que se estima nunha cantidade de 12.000.000,00 €, segundo o indicado no anexo do Convenio marco asinado o 1 de febreiro de 2021, cuxo financiamento se realizará con cargo aos orzamentos correspondentes, e de acordo coas seguintes anualidades:

- 2022: 50.000 €
- 2023: 7.000.000 €
- 2024: 4.950.000 €

O ingreso da dita cantidade, correspondente ao Concello da Coruña, será transferido por este Concello ao Servizo Galego de Saúde no número de conta que este lle comunique, de forma gradual, e consonte ás distintas fases do procedemento de expropiación previstas na Lei de 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa e demais normativa de aplicación, polo importe correspondente, e unha vez que estas sexan comunicadas polo Servizo Galego de Saúde.

Para os efectos de aplicar a gradualidade prevista no parágrafo anterior ao ingreso efectivo destas aportacións polo Concello da Coruña, deberán acreditarse documentalmente pola administración expropiante os compromisos económicos asumidos en relación coas persoas e ou entidades expropiadas mediante a achega das actas de pago e ocupación, respetando, en todo caso, o límite económico e orzamentario das anualidades establecido anteriormente

**D) Compromisos do Servizo Galego de Saúde**

O Servizo Galego de Saúde comprométese a :

- Aceptar a mutación demanial ou adscripción dos terreos expropiados para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, consonte á cláusula F), parágrafo 3º.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A510MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Encomendar, no seu caso, a asistencia técnica para calquera destas actuacións aos organismos competentes da Comunidade Autónoma, nomeadamente á Axencia Galega de Infraestruturas.

## E) Compromisos da Consellería de Sanidade

Correspóndelle á Consellería de Sanidade:

- Exercer a potestade expropiatoria a favor da persoa beneficiaria e adoptar todas as resolucións que impliquen o exercicio da dita potestade, sen prexuízo da intervención, as facultades e as obrigas que legalmente corresponden á persoa beneficiaria.

## F) Compromisos do Concello da Coruña

O Concello da Coruña obrígase a:

- Financiar a adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, conforme ao sinalado na letra c) desta cláusula, como achega máxima prevista na dita cláusula e sen que se lle poidan esixir achegas a maiores. Consecuentemente, transferirá ao Servizo Galego de Saúde as cantidades económicas establecidas nesta cláusula e na forma sinalada na mesma, previa xustificación por parte da Consellería de Sanidade da realización das actuacións expropiatorias.
- Prestar a colaboración requirida pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde para tramitar e formalizar a adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital.
- Aceptar a titularidade dominical dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, así como os terreos para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, logo da tramitación do procedemento expropiatorio e como consecuencia da achega económica municipal prevista neste convenio para os ditos fins. Posteriormente, e coa maior celeridade posible, o Concello da Coruña comprométese a tramitar a adscrición ou ben a mutación demanial prevista, respectivamente, nos artigos 17 e 25 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo do previsto na cláusula cuarta F) para o viario perimetral. Con carácter previo á realización formal da



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

mutación demanial ou da adscripción, o Concello porá a disposición da Xunta de Galicia, de forma anticipada e gratuíta os terreos necesarios para a execución das obras.

**G) Compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas**

Prestar a asistencia técnica no procedemento de expropiación forzosa tramitado para a adquisición dos terreos necesarios para a construción do novo recinto hospitalario no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, así como para a execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital cando así lle sexa encomendado pola Consellería de Sanidade.

**CUARTA. ACTUACIÓN RELATIVA Á EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA OS ACCESOS E CONEXIÓNS VIARIAS AO NOVO HOSPITAL**

**A) Obxecto da actuación**

Constitúe o obxecto desta actuación a definición dos compromisos asumidos por cada unha das partes intervenientes neste convenio na execución dos accesos dende a rede viaria de alta capacidade, así como do viario de servizo do recinto hospitalario.

**B) Réxime económico aplicable para esta actuación**

Son obxecto de financiamento en relación con este proxecto, segundo o indicado na cláusula segunda e no anexo deste convenio, tanto os contratos de obra coma os contratos de asistencia técnica necesarios para as obras referidas.

O custo total estimado desta actuación é de 10.220.000 € (I.V.E. incluído), segundo o indicado no Anexo do convenio.

Consonte ao disposto na cláusula 4.9 en relación coa cláusula 2.6 do Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña, polo que se establecen as bases para a execución das obras do novo hospital do complexo hospitalario Universitario da Coruña, asinado o 1 de febreiro de 2021, o Concello da Coruña asumirá o custo da execución das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, consonte á súa definición no proxecto de interese autonómico que se aprobe, que se estima nunha cantidade de 10.220.000 €,



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

segundo o indicado no anexo do Convenio marco asinado o 1 de febreiro de 2021, cuxo financiamento se realizará con cargo aos orzamentos correspondentes, e de acordo coas seguintes anualidades, realizándose o pagamento por parte do Concello da Coruña consonte ao previsto no apartado E) desta cláusula, nas seguintes anualidades:

- 2023: 5.000.000 €.
- 2024: 3.000.000 €
- 2025: 1.110.000 €
- 2026: 1.110.000 €

**C) Compromisos do Servizo Galego de Saúde.**

O Servizo Galego de Saúde comprométese a :

- Licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, consonte á súa definición no proxecto de interese autonómico que se aprobe.

- Aboar as facturas mensuais emitidas polas empresas contratistas. No exercicio desta función será de aplicación a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Recepcionar as obras realizadas dos accesos e conexións viarias ao novo hospital, de conformidade co artigo 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

Este acto de recepción poderá comprender tamén recepcións parciais de aquelas partes da obra que poidan ser entregadas ao Concello da Coruña para a súa posta a disposición ao uso público, cando a súa execución fora realizada por fases.

Unha vez producido o acto formal de recepción, total ou parcial, das obras polo Servicio Galego de Saúde, este o porá en coñecemento do Concello da Coruña, formalizando a entrega das mesmas mediante a correspondente acta, determinando o nacemento das obrigas asumidas por cada unha das partes neste convenio, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A510MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Encomendar, no seu caso, a execución de calquera destas actuacións aos organismos competentes da Comunidade Autónoma, nomeadamente á Axencia Galega de Infraestruturas.

- Entregar ao Concello da Coruña as obras relativas a parte de accesos da rede viaria que se acorde entre Xunta de Galicia e Concello, coa previa identificación das partes do sistema viario que son obxecto de entrega, tendo en conta os seguintes criterios: a inserción no tecido urbano, o obxecto e a funcionalidade, así como a análise dos usos aos que dá servizo a nova infraestrutura viaria, as achegas do Concello para este fin, xunto coa conveniencia e oportunidade de utilización conxunta de bens e servizos.

**D) Compromisos do Concello da Coruña**

- Financiar, de acordo co establecido na cláusula segunda deste convenio, o 100% das obras e dos contratos de servizo complementarios para a súa execución, así como modificados, complementarios, liquidacións, revisións de prezos, no seu caso, e demais incidencias con contido económico que xurdan durante a execución das obras e os servizos, sempre que estean debidamente xustificados, de acordo ao sinalado no anexo deste convenio, ata o máximo e co límite da cantidade sinalada no apartado B) desta cláusula.

- Formalizar a acta de entrega da obra obxecto desta actuación co Servizo Galego de Saúde.

- Asumir a titularidade daquela parte de accesos e rede viaria que se acorde entre Xunta de Galicia e Concello da Coruña, coa previa delimitación dos sistemas viarios que son obxecto de cesión.

**E) Xustificación e pagamento**

Os libramentos que corresponda realizar ao Concello da Coruña a favor do Servizo Galego de Saúde faranse do xeito seguinte:

- A achega correspondente ao exercicio 2023 de viario e accesos, unha vez adxudicado o contrato de obra para a súa execución.
- A anualidade do exercicio 2024 realizarase unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior, mediante a achega das correspondentes certificacións das obras remitidas pola administración contratante.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- A anualidade do exercicio 2025 realizarase unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior, mediante a achega das correspondentes certificacións das obras remitidas pola administración contratante.

- A anualidade do exercicio 2026 realizarase unha vez se xustifique o gasto correspondente ao exercicio anterior, mediante a achega das correspondentes certificacións das obras remitidas pola administración contratante.

Estes libramentos teñen a consideración de entregas á conta. Por esta razón, rematada a execución das obras obxecto da actuación, procederase a practicar a liquidación definitiva total, reintegrándose, de ser o caso, as cantidades excedentes que resulten por todos os conceptos.

**F) Réxime patrimonial**

O Concello da Coruña asumirá a titularidade do viario que se acorde e execute no marco desta actuación, así como a súa conservación e explotación, unha vez se produza o acto de entrega regulado na letra C) anteriormente reflectida. En calquera caso, a titularidade do viario perimetral que dará servizo ao hospital será asumida polo Concello da Coruña.

0 **Compromisos da Axencia Galega de Infraestruturas**

Xestionar o procedemento de licitación, adxudicación, execución e dirección das obras necesarias para realizar os accesos e conexións viarias ao novo hospital, así coma os contratos de servizo complementarios do mesmo, cando así lle sexa encomendado pola Consellería de Sanidade.

**QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Aos efectos de asumir as facultades necesarias e de velar polo cumprimento dos compromisos contraídos por cada unha das partes intervenientes, crearase unha Comisión de seguimento composta por un representante do Servizo Galego de Saúde, un representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dous representantes do Concello da Coruña.

A dita Comisión asumirá, sen prexuízo das competencias que correspondan a cada administración e organismo interveniente, as seguintes funcións:

a) Levar a cabo o seguimento das actuacións e das obrigas asumidas por cada unha das partes asinantes deste convenio.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

b) Informar o contido dos estudios e proxectos que desenvolvan as actuacións do Convenio.

c) Promover a coordinación necesaria para a realización dos documentos técnicos e para realizar as actuacións previstas neste convenio, desenvolvendo cantas accións se estimen necesarias e oportunas para a consecución dos obxectivos do mesmo.

d) Formular propostas de medidas tendentes a garantir o cumprimento das obrigas asumidas por cada unha das partes asinantes deste convenio, e a solución de incidencias, conflitos que poidan comprometer a consecución dos obxectivos definidos no mesmo.

e) Propoñer e ratificar unha vez aprobados polos órganos competentes, no seu caso, reaxustes de anualidades para axustar as aportacións financeiras ao ritmo de execución das obras, sempre que non superen as aportacións e anualidades previstas.

A estes efectos, entenderase que o reaxuste de anualidades proposto non supera as aportacións e anualidades previstas no convenio cando o mesmo non supoña un incremento do importe total das obrigas de contido económico asumidas polas partes asinantes na cláusula segunda deste convenio de colaboración e/ou o número máximo de anualidades orzamentarias previstas no mesmo, con independencia da actuación á que se imputan as referidas obrigas económicas, sen prexuízo de que deba ser aprobado polos órganos competentes de cada unha das entidades intervenientes.

Noutro caso, será necesaria a tramitación dunha addenda ao convenio de colaboración na que se regule expresamente o novo réxime de aportacións económicas así como de anualidades previstas para a súa execución.

f) Velar polo cumprimento dos prazos que se fixen para a execución de cada unha das actuacións previstas neste convenio.

g) Resolver os problemas que se susciten na interpretación e cumprimento do Convenio.

h) Propoñer os tramites que sexan adecuados para executar e cumprir o sistema de xestión dos bens obxecto de expropiación de conformidade coas titularidades dominicais adscricións e/ou mutacións previstas nas cláusulas terceira letra d) e cuarta letra c)

As copias das actas das reunións desta comisión, así coma os convenios ou informes que se emitan no desenvolvemento e execución das funcións asignadas á comisión, serán remitidas ás partes asinantes.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A510MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Os membros da Comisión de seguimento, ou persoas en quen deleguen, reuniranse polo menos no último trimestre de cada anualidade. En calquera caso, sempre que o solicite calquera das partes.

Ás reunións da dita Comisión poderanse incorporar, por acordo das partes, aqueles técnicos cuxa presenza se considere conveniente para o cumprimento das funcións que ten encomendadas.

A presidencia da Comisión de seguimento do convenio será rotatoria, en períodos anuais empezando pola administración con maior aporte financeiro neste convenio.

Con carácter xeral, os acordos da Comisión de seguimento serán adoptados por unanimidade de todos os membros da Comisión.

O réxime xurídico da Comisión axustarase, en canto non estea previsto na presente cláusula e no que resultara de aplicación, ao previsto no artigo 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou normativa que a substitúa.

## SEXTA. VIXENCIA E DURACIÓN

O presente convenio perfeccionarase coa súa subscrición, adquirindo o mesmo plena validez e eficacia dende o momento da súa formalización.

En todo caso, o presente convenio terá, de acordo co disposto no apartado 1 do artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, unha vixencia máxima de 4 anos. Se ben, no caso de que a execución das actuacións que se recollen no presente convenio requiran dun período superior de tempo, as partes se comprometen a tramitar, con suficiente antelación ao fin da dita vixencia, a súa necesaria prórroga, de conformidade co previsto no apartado 2 do artigo 49.h) da referida lei, observándose para iso o mesmo procedemento seguido para a súa autorización.

A modificación dos termos do presente convenio e/ou a prórroga da súa vixencia requirirán o acordo unánime das partes mediante a subscrición da correspondente addenda modificativa.

## SÉTIMA. CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase, ademais de polo cumprimento ou conclusión de todas as actuacións contidas no mesmo, por algunha das seguintes causas de resolución:

- Polo transcurso do prazo de vixencia do presente convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

- Por mutuo acordo das partes, do que quede a debida constancia en documento elaborado ao efecto.
- Por incumprimento por calquera dos asinantes das concretas obrigas establecidas neste convenio, previamente posto de manifesto mediante comunicación escrita fidedigna, e cun prazo de antelación de, polo menos, un mes, pola parte a quen lle prexudique.
  A tal efecto, se fixa como criterio para determinar as posibles indemnizacións, os custos nos que incorrera a parte prexudicada no momento no que se produza o eventual incumprimento.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do presente convenio.
- Cambios na lexislación que contraveñan o contido do presente convenio.
- A forza maior que impida o cumprimento do seu obxecto.

En caso de extinción por causa diferente á conclusión das actuacións obxecto do convenio, a Comisión de seguimento proporá as condicións para a continuación e finalización das actuacións en curso que considere oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos polo artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Resolto o convenio por calquera causa, todos os dereitos e obrigas nacidos con anterioridade á extinción do mesmo serán liquidados e cumpridos por todas as partes, sen prexuízo dos dereitos e obrigas que resulten da dita extinción para as mesmas, conforme á lei, ou ao disposto no presente convenio.

## OITAVA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

Este convenio ten natureza xurídica administrativa, e se rexe polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou lexislación que en adiante o substitúa, e demais normas de procedente aplicación.

Este convenio atópase incluído dentro dos supostos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito de aplicación desta lei.

En consecuencia, as dúbidas e controversias que poidan xurdir con motivo da interpretación e aplicación deste convenio e que non fosen solucionadas pola Comisión de seguimento do mesmo, resolveranse polas normas aplicables en dereito, e serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

## NOVENA. PUBLICIDADE



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

**DÉCIMA. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio no lugar e na data indicados ao inicio.

**O conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde**

**Julio García Comesaña**

**A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas**

**Ethel María Vázquez Mourelle**



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**A alcaldesa da Coruña**

**Inés Rey García**



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

# ANEXO

## RÉXIME ECONÓMICO DAS ACTUACIÓNS

| ADQUISICIÓN DE TERREOS NOVO HOSPITAL E ACCESOS | | |
|---|---|---|
| **ANUALIDADE 2022** | **ANUALIDADE 2023** | **ANUALIDADE 2024** |
| **50.000,00 €** | **7.000.000,00 €** | **4.950.000,00 €** |
| **TOTAL ACTUACIÓN** | | **12.000.000,00 €** |

| EXECUCIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA OS ACCESOS E CONEXIÓNS VIARIAS AO NOVO HOSPITAL | | | |
|---|---|---|---|
| **ANUALIDADE 2023** | **ANUALIDADE 2024** | **ANUALIDADE 2025** | **ANUALIDADE 2026** |
| **5.000.000,00 €** | **3.000.000,00 €** | **1.110.000,00 €** | **1.110.000,00 €** |
| **TOTAL ACTUACIÓN** | | | **10.220.000,00 €** |



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Mediante el código de verificación 610T621F122Y6A5I0MRP puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/